


Colexio Oficial de
Psicología de Galicia

MEMORIA 2015





MEMORIA DE ACTIVIDADES 2015





1980 2015

35 anos medrando
coa profesión

EDITORIAL

Este 2015 quixemos significar o 35 aniversario do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia; un período no que medramos como institución á vez que foi desenvolvéndose e consolidándose a profesión. Celebrar un aniversario profesional nos tempos que corren, nos que están a desaparecer a diario organismos, institucións e iniciativas persoais, ou quedan mermadas por falta de financiamento, é xa digno de congratulación. Pero poder celebralo medrando convidanos a alzar a voz lembrando á sociedade que a profesión e a súa defensa están vivas e con moito camiño por andar.

O panorama desde que o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia comezara a súa andaina, alá por decembro de 1980, cambiou radicalmente. Nacía con 133 colexiados/as e como unha delegación. Pechamos este 2015 con 2.855 colexiados e colexiadas, o que nos permite ver como se consolidou neste período a nosa profesión.

O COPG pretendeu e pretende ser engrenaxe da profesión, vixiándoa e velando porque o seu cumprimento sexa estrito desde o punto de vista da ética e da deontoloxía. Promover e preservar os principios de equidade, integridade e excelencia, reforzando continuamente a nosa responsabilidade beneficia tanto á profesión como ao conxunto da sociedade. 35 anos de loita polos avances, entre os que tamén adquire un papel destacado a igualdade, pola que pelexamos desde todos os eidos posibles, incluíndo as cuestións formais.

É para nós reconfortante ver como dá froitos o noso traballo por posicionar a Psicoloxía no lugar que merece en todos os ámbitos (Educativa, Clínica, Social, Xurídica, Traballo e Organizacións) a través das diferentes Xuntas de Goberno e das directivas das Seccións, Comisións e Grupos de Traballo do COPG.

Traballamos unidos e unidas, que é o mellor xeito para progresar e evolucionar. Botando a vista atrás, sabemos de onde vimos e continuaremos traballando pola profesión: “Para seguir construíndo o futuro temos que coñecer o pasado”.

ÍNDICE

1. Estado da colexiación	8
2. Órganos de xestión	9
Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas	9
Xunta de Goberno	10
3. Comisión Ética e Deontoloxía	11
4. Valedor das Colexiadas e Colexiados	14
5. Seccións	15
Sección de Psicoloxía e Saúde	15
Sección de Psicoloxía Educativa	20
Sección de Psicoloxía Xurídica	22
Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións	24
Sección de Psicoloxía da Intervención Social	27
6. Comisións	29
Comisión Intersectorial de Mediación	29
Comisión Intersectorial de Xénero	30
Comisión de Psicoloxía do Deporte	31
Comisión de Cultura	31
Comisión de Acreditación para o Exercicio de Actividades Sanitarias	33
Comisión de Acreditación de Psicóloga/Psicólogo Experto en Neuropsicoloxía Clínica	34
Comisión para a Defensa da Profesión e para a Prevención do Intrusismo	35
7. Grupos de Traballo	36
GIPCE. Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias	36
Grupo de Tráfico e Seguridade	42
Grupo de Traballo de Atención Temperá	44

8. Convenios de Colaboración	45
Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero	45
Programa “Abramos o Círculo”	47
Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias	48
Programa de Mediación Intraxudicial	49
“Xornadas de Concienciación” de Seguridade Viaria	50
PSICOVIAL	50
Prestación de asistencia pericial á Administración de Xustiza	51
Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral da Xunta de Galicia (ISSGA)	51
Fundación Educación, Deporte y Salud (FEDYS)	52
Universidade de Santiago de Compostela	52
Universidade de Vigo	53
Fundación Meniños	53
Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE)	53
9. Servizo de Intervención en Psicología Forense	54
10. Servizo de Mediación en Asuntos Cívís e Mercantís	55
11. Beca Siota de Investigación en Psicología	55
12. Eventos colexiais	56
13. Representación Colexial nos Consellos da Administración	57
14. En representación do Colexio Oficial de Psicología de Galicia	58
15. Relacións e Colaboracións Institucionais	62
16. O Colexio Oficial de Psicología de Galicia e o Consejo General de la Psicología de España	70
17. Publicacións	74
18. Medios de Comunicación	76
19. Servizos Colexiais	89
20. Balances Económicos	93

ESTADO DA COLEXIACIÓN

1. A 31 / 12 / 2015

Altas	133
Última promoción	48
Outras promocións	66
Reincorporacións	5
Traslados	9
Xubilación	3
Asociados/as	2

Baixas	123
Voluntarias	83
Por falta de pagamento de cotas	13
Traslados	20
Defunción	4
Xubilación	3

Colexiados e colexiadas inscritos nas seccións profesionais do COPG	
Sección de Psicoloxía e Saúde	319
Sección de Psicoloxía Educativa	94
Sección de Psicoloxía da Intervención Social	86
Sección de Psicoloxía Xurídica	149
Sección de Psicoloxía do Traballo e as Organizacións	32

Total de colexiados e colexiadas
a 31-12-2015

2.855

2. ÓRGANOS DE XESTIÓN

2.1. ASEMBLEA XERAL DE COLEXIADAS E COLEXIADOS

A Asemblea Xeral de Colexiadas e Colexiados é o órgano supremo de decisión do Colexio, e está constituída por todos os colexiados e colexiadas.

Celebráronse as seguintes sesións:

- 24 de marzo. Sesión Ordinaria.
- 1 de decembro. Sesión Ordinaria.



Sesión ordinaria do 24 de marzo



Sesión ordinaria do 1 de decembro

2.2. XUNTA DE GOBERNO

A Xunta de Goberno é o órgano executivo e de representación do Colexio.

REUNIÓN

- Celebráronse un total de nove Xuntas de Goberno para a dirección e xestión da actividade colexial.



Membros da Xunta de Goberno

COMPOSICIÓN DA XUNTA DE GOBERNO

M^a Rosa Álvarez Prada (G-1173)
Decana

Hipólito Puente Carracedo (G-0313)
Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación
Responsable da Páxina Web

Concepción Fernández Fernández (G-3497)
Secretaria (ata o 29 de maio)

Rocío García Calvo
Secretaria (a partir do 1 de decembro)

M^a Concepción Prado Álvarez (G-0793)
Vicesecretaria / Responsable de Emprego / Responsable do fondo bibliográfico e psicométrico

Miguel Ángel Chouza Ponte (G-0066)
Tesoureiro / Responsable de servizos colexiais e formación

José Luís Domínguez Rey (G-0136)
Vogal / Responsable da *Circular Informativa* / Correspondente de *Infocop*
Coordinador da Sección de PTO

Ana Isabel Martínez Arranz (G-2573)
Vogal / Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)

Eva Muíño Gómez (G-1281)
Vogal / Coordinadora Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade

José Manuel Oreiro Blanco (G-1285)
Vogal / Responsable de *Cadernos de Psicología*

Marta Rivas Rodríguez
Vogal / Coordinadora coa Comisión de Ética e Deontoloxía

M^a Concepción Rodríguez Pérez (G-3064)
Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero
Responsable da dinámica sociocultural

Víctor Manuel Torrado Oubiña (G-1625)
Vogal / Coordinador coa Sección de Psicología e Saúde

3. COMISIÓN DE ÉTICA E DEONTOLOXÍA

REUNIÓN

Celebráronse reunións ordinarias nas seguintes datas:

- 31 de xaneiro
- 8 de abril
- 16 de abril
- 27 de maio
- 3 de agosto
- 28 de setembro
- 23 de novembro

A Comisión de Ética e Deontoloxía está formada por un presidente, unha secretaria e tres vogais, coas atribucións propias dos seus cargos, e que son nomeados pola Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas do COPG a proposta da Xunta de Goberno.

Son fins desta Comisión, entre outros, promover comportamentos éticos no exercicio da profesión e desenvolver o Código Deontolóxico.

Para desenvolver tales funcións, a Comisión de Ética e Deontoloxía dispón de total independencia, facultades e competencias plenas no desenvolvemento das súas funcións.

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN DE ÉTICA E DEONTOLOXÍA

Francisco Blanco Romero
Presidente

M^a José López Torrón
Secretaria

Carmen González Pais
M^a Teresa Hermida Pérez
Irene Martínez Montero
Vogais

Marta Rivas Rodríguez
Coordinación coa Xunta de Goberno



Membros da Comisión de Ética e Deontoloxía

ACTIVIDADES

a) Queixas:

Quedaban 4 expedientes pendentes de 2014, que se resolveron da seguinte forma:

- 2 expedientes son admitidos a trámite e foron resoltos.
- 2 expedientes non foron admitidos.

Abríronse 22 expedientes durante 2015 e a súa situación é a que segue:

- 11 expedientes non se admiten a trámite.
- 1 expediente admitido a trámite, pendente de resolución.
- 3 expedientes pendentes de información preliminar para valorar admisión a trámite.
- 7 expedientes pendentes de valoración.

Resumo do total de expedientes

Expedientes pendentes (2014)	4
Expedientes novos (20)	22
Total	26

Estado dos expedientes

Expedientes resoltos	15
Expedientes pendentes de decisión a trámite	10
Expedientes pendentes de proposta	1

Tramitación de expedientes

Expedientes admitidos a trámite	3 (12%)
Expedientes non admitidos a trámite	13 (50%)
Expedientes pendentes de decisión a trámite	10 (38%)

Sancións propostas

Expedientes con proposta de sanción	2
Expedientes sen proposta de sanción	0

Artigos sancionados

Art. 15	en 1 expediente
Art. 17	en 1 expediente
Art. 42	en 1 expediente
Art. 48	en 2 expedientes
Art. 51	en 1 expediente

b) Servizo de consultas:

Existe na páxina web do COPG un servizo de consultas ao que poden dirixirse os Colexiados e Colexiadas para propoñer dúbidas sobre cuestións de ética e deontoloxía no exercicio da profesión. Preténdese ofrecer unha orientación que sirva para previr posteriores queixas por parte de usuarias e usuarios, ofrecendo unha valoración e fundamentación ética das diferentes alternativas posibles. Esta resposta non é vinculante para as Colexiadas e

colexiados que consultan, senón que se trata dunha opinión razoada na que fundamentar as súas propias decisións. Durante este ano respondéronse un total de 17 consultas.

c) Comisión Electoral:

A Comisión de Ética e Deontoloxía constituíse o 3 de febreiro como Comisión Electoral no proceso electoral á Xunta de Goberno do COPG, conformada polo seguintes membros:

Francisco Blanco Romero

Presidente

Concepción González Poza

Secretaria

Carmen González Pais

Vogal



Relatorio *A práctica da psicoloxía da intervención social*

d) Colaboración na *Circular Informativa* do COPG:

Os temas tratados pola Comisión de Ética e Deontoloxía na *Circular Informativa* foron:

- “Uso dos tests psicolóxicos” (II parte).
- “O consentimento para a intervención con fillos e fillas de proxenitores en conflito”.
- “A obxección de conciencia”.

e) Formación:

Presentación dun relatorio na Xornada *A práctica da psicoloxía da intervención social*, organizada pola Sección de Psicoloxía da Intervención do COPG e celebrada o 7 de marzo.

Impartición da asignatura «Ética e Deontoloxía» en 4º curso do Grao da Facultade de Psicoloxía da USC no marco dun convenio asinado polo Colexio coa Facultade de Psicoloxía. Ademais dos membros da Comisión, participaron José Luís Rodríguez Arias, ex presidente da CED e Cecilia Barros, asesora xurídica do COPG.



Momento da reunión

e) Outras actividades:

Participación no acto para a elección dos cargos de presidente, vicepresidente, secretario e vicesecretario da Comisión Deontolóxica Estatal, celebrado en Madrid o 23 de xaneiro.

Participación na reunión conxunta da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do COPG e da Xunta Directiva da División de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e Recursos Humanos (PTORH) do Consejo General de la Psicología, celebrada o 1 de outubro na sede do COPG. A reunión plantexouse como unha oportunidade para intercambiar impresións sobre a ética e a deontoloxía, así como as boas prácticas no/na profesional da Psicoloxía do Traballo.

4. VALEDOR DAS COLEXIADAS E COLEXIADOS

A figura do Valedor das Colexiadas e dos Colexiados vén especificada nos Estatutos do Colexio de Psicoloxía de Galicia, concretamente no Capítulo XI, como un defensor dos dereitos e intereses de todos os colexiados e colexiadas perante os demais órganos colexiais exceptuando a Comisión de Ética e Deontoloxía.

Valedor das Colexiadas e Colexiados:

Elixio A. Domarco Álvarez

Ao longo do presente ano non foi reclamada a actuación do Valedor en ningunha ocasión das que prescribe o Regulamento que ordena as competencias desta instancia.



Elixio A. Domarco Álvarez

5. SECCIÓNS

Para o mellor cumprimento dos fins colexiais nos distintos ámbitos de intervención psicolóxica, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia dispón de 5 seccións profesionais que agrupan a todos aqueles colexiados e colexiadas que conforman un ámbito disciplinario de especialidade profesional cunha identidade definida e recoñecida.

5.1. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E SAÚDE

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 21 de xaneiro
- 25 de marzo
- 12 de maio
- 17 de xuño
- 8 de setembro
- 14 de outubro
- 3 de novembro
- 20 de novembro
(Asemblea de socios e socias)
- 9 de decembro

COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

Francisco Xavier Sardiña Agra

Presidente

Delia Guitián Rodríguez

Vicepresidenta

José Eduardo Rodríguez Otero

Secretario

Luis Carlos Álvarez García

Tesoureiro

Alicia Carballal Fernández

Rosa Cerqueiro Landín

Ignacio Dopico González

Mercedes Fernández Cabana

Dolores Mosquera Barral

Vogais



Membros da Xunta Directiva

ACTIVIDADES

a) Formación:

- Conferencia *Neurofeedback: unha introdución á aplicación clínica e á investigación*
Data: 25 de marzo.
Lugar: Salón de actos do COPG.
Relatora: **Ania Justo**. Psiquiatra, psicoterapeuta e especialista en neurofeedback.
- Curso *A terapia de parella na práctica clínica: un modelo de diagnóstico e intervención*
Datas: 10 e 11 de abril.
Lugar: Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.
Docente: **Carmen Campo López**. Psicóloga da Unidade de Psicoterapia do Servizo de Psiquiatría do Hospital de la Santa Creu i Sant Pau (Barcelona).
- Curso *Avaliación e rehabilitación da atención e as funcións executivas: casos prácticos*
Datas: 17 e 18 de abril.
Lugar: Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.
Docentes: **María Dolores Vinagre Torres** e **María Jesús Gómez Vecino**, psicólogas clínicas no eido privado na Coruña.
- Conferencia *O trauma e o corpo: teoría e práctica da Psicoterapia Sensoriomotora*
Data: 22 de abril.
Lugar: Salón de actos do COPG.
Relatora: **Esther Pérez**. Graduada en Psicoloxía e Antropoloxía pola UCLA (EEUU).



Momento da conferencia *Neurofeedback: unha introdución á aplicación clínica e á investigación*



Durante a celebración do curso *A terapia de parella na práctica clínica: un modelo de diagnóstico e intervención*



Momento do curso *Avaliación e rehabilitación da atención e as funcións executivas: casos prácticos*



Durante a celebración da conferencia *O trauma e o corpo: teoría e práctica da Psicoterapia Sensoriomotora*



Momento do curso *Apego e psicoterapia*

■ Curso *Apego e psicoterapia*

Datas: 22 e 23 de maio.

Lugar: Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

Docente: **Elena Rodríguez Borrajo**, psicóloga no eido privado na Coruña.

■ Conferencia *Sexualidade e terapia sexual*

Data: 17 de setembro.

Lugar: Salón de actos do COPG.

Relator: **Fernando Pena Viveró**. Psicólogo e sexólogo. Presidente da Asociación Española de Psicología Sanitaria (AEPSIS).

■ Curso *Actualización no tratamento cognitivo-condutual no Trastorno Obsesivo Compulsivo (TOC)*

Datas: 23 e 24 de outubro.

Lugar: Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS).

Docente: **Juan Sevilá Gascó**. Psicólogo clínico. Director do Centro de Terapia de Conduta de Valencia.

■ Curso *Rehabilitación neuropsicológica a través de casos clínicos*

Datas: 13 e 27 de novembro e 11 e 18 de decembro.

Lugar: Salón de actos do COPG.

Docentes: **Ester Asensio Cubero**. Psicóloga sanitaria. Directora da unidade de rehabilitación da Asociación Renacer / **Rocío García Calvo**. Psicóloga sanitaria. Directora da Asociación de Dano Cerebral de Compostela Sarela / **Cecilia Otero Dadín**. Psicóloga sanitaria. Coordinadora da unidade de atención infantil e da unidade de dano cerebral adquirido no Centro Médico Pontevedra.



Asistentes do curso *Actualización no tratamento cognitivo-condutual no Trastorno Obsesivo Compulsivo (TOC)*



Algúns dos momentos do curso *Rehabilitación neuropsicológica a través de casos clínicos*

b) Xornadas da Sección:

- XX Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde
Identidade e personalidade: de que estamos a falar?
Datas: 19 ao 21 de novembro.
Lugar: Pazo de San Marcos (Lugo).

Comité Organizador:

Delia Guitián Rodríguez
Presidenta

M^o Jesús Vázquez Carreira
Alba Fernández Revaldería
Vogais

Comité Científico:

Mercedes Castro Bal
Presidenta

Rocío Basanta Matos
Marta González Rodríguez
Vogais



XX Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde

c) Anuario de Psicoloxía Clínica:

Consello de Redacción composto por:

Marta González Rodríguez (Directora), **Sabela Bermúdez Míguez**, **Xacobe Abel Fernández García**, **Delia Guitián Rodríguez**, **Adalberto Iglesias Doval**, **Noelia Pita Fernández**, **Patricia María Tamara Rego Ribeiro**.

- Anuario de Psicoloxía Clínica número 8: *O amor*.
Edición en formato dixital, presentado nas XX Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde.



Portada Anuario

d) Grupos de Traballo:

- Grupo de traballo dos titores e titores dos especialistas en formación en Psicoloxía Clínica (PIR):

As persoas integrantes deste grupo son:

Carlos Álvarez García (Santiago – Coordinador) / **Manuel Castro Bouzas** (Ferrol) / **Miguel Anxo García Álvarez** (Santiago) / **Mercedes Castro Bal** (Lugo) / **Gonzalo Martínez Sande** (A Coruña) / **José Javier González Hermida** (Ourense) / **Yolanda Castro Casanova** (Ourense) / **María Estrella González Gómez** (Pontevedra) / **Rafael Fernández Martínez** (Vigo).

- Grupo de traballo de Neuropsicoloxía:

As persoas integrantes deste grupo son:

Vanessa Vilas Riotorto (Coordinadora) / **María Parada Iglesias** / **Rocío García Calvo** / **Jorge Bajo Lema** / **Xavier Sardiña Agra**.

■ **Grupo de traballo de atención primaria:**

As persoas integrantes deste grupo son:

María José Carreira Vidal (Coordinadora) / Cristina Alonso Vilar / Alicia Carballal Fernández / Paula Cid Gutiérrez / Santiago Lago Canzobre / Carlos José Losada López.

■ **Grupo de traballo de estudo do trastorno mental grave:**

As persoas integrantes deste grupo son:

Luis Carlos Álvarez García (Coordinador) / Noemí Adan Zúñiga / Yolanda Castro Casanova / Almudena Campos González / Manuel Castro Bouzas / Alba Fernández Revaldería / M^a Soledad Filgueira Bouza / Adalberto Iglesias Doval / Carlos José Losada López / Inmaculada Sangiao Novio / M. Jesús Vázquez / Carreira / José Ignacio Vázquez Rodríguez.

e) Participación nas Comisións Intersectoriais de Mediación e de Xénero.

f) Participación no Grupo de Traballo de Atención Temperá.

g) Participación na **Comisión de Avaliación de expedientes para a acreditación para o exercicio de actividades sanitarias** do COPG.

h) Participación na **Comisión de Avaliación de expedientes para a acreditación de psicólogo ou psicóloga experta en neuropsicoloxía clínica.**

i) Participación no **Comité Organizador do III Congreso de Psicoloxía Profesional de Galicia.**

j) Participación no Consello de Redacción de *Cadernos de Psicoloxía*.

k) Asistencia ás reunións da **Mesa Galega da Psicoloxía Clínica.**

5.2. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 22 de xaneiro
- 26 de febreiro
- 19 de marzo
- 23 de abril
- 28 de maio
- 25 de xuño
- 24 de setembro
- 29 de outubro
- 9 de decembro
(Asemblea de socios e socias)

COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

Manuela del Palacio García

Presidenta

Ana M^a Ulloa Lage

Vicepresidenta

M^a Asunción Teijeira Bautista

Secretaria

M^a Carmen Lorenzo Vila

Tesoureira

Purificación Alberte Iglesias

Nuria Lago Fernández

Concepción López Martín

Vogais



Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Educativa

ACTIVIDADES

a) Formación:

- Xornada *Necesidades afectivas especiais: detección e intervención en contextos educativos*

Data: 17 de xaneiro.

Lugar: Salón de actos do COPG.

Docente: **Meritxell Pacheco Pérez**. Doutora en psicoloxía e psicoterapeuta. Profesora na Facultade de Psicoloxía da Universitat Ramon Llull.



Momento da xornada

■ Conferencia *Protocolos Magallanes de avaliación de baixo rendemento elou fracaso escolar en Educación Primaria e Secundaria*

Data: 15 de maio

Lugar: Salón de actos do COPG.

Relatores: **Eladio Manuel García Pérez** e **Ángela Magaz Lago**. Psicólogos clínicos e educativos. Co-directores do Máster en Psicología do Grupo Albor-Cohs.



Durante a conferencia *Protocolos Magallanes de avaliación de baixo rendemento elou fracaso escolar en Educación Primaria e Secundaria*



Xornada Afrontamento da crise de ansiedad no ámbito educativo

■ Xornada *Afrontamento da crise de ansiedad no ámbito educativo*

Datas: 24 de setembro.

Lugar: Salón de actos do COPG.

Relatoras: **Encarnación Sueiro Domínguez**. Doutora en psicología. Psicóloga clínica no SERGAS na área sanitaria de Ourense.

- b) Participación nas **Comisións Intersectoriais do COPG** de Mediación e Xénero.
- c) Participación no Grupo de Traballo de Atención Temperá.
- d) Participación no **Comité Organizador do III Congreso de Psicología Profesional de Galicia**.
- e) Participación no Consello de Redacción de *Cadernos de Psicología*.
- f) Participación na División da Psicología Educativa do Consejo General de la Psicología.

5.3. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA XURÍDICA

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 6 de febreiro
- 3 de xullo
- 14 de decembro
- 19 de decembro
(Asemblea de socios e socias)



Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Xurídica

COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

Dolores Seijo Martínez

Presidenta

M^a Alba Sousa Martínez

Vicepresidenta

María Penado Abelleira

Secretaria en funcións

Manuel Vilaríño Vázquez

Tesoureiro

María Concepción Abad Alastruey

Milagros Martínez García

Antonio Saco Labandeira

M^a José Jiménez Rey

Vogais

ACTIVIDADES

a) Formación:

- III Obradoiro *Elaboración de informes periciais e asistencia á vista*

Data: 14 de marzo

Lugar: Salón de actos do COPG.

Docente: **Carmen González Pais**. Psicóloga. Máster en Psicoloxía Xurídica e Forense.

- Obradoiro *Avaliación forense en violencia de parella: vítimas e agresores*

Data: 25 de abril.

Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC.

Docente: **Ismael Loinaz Calvo**. Licenciado e doutor en psicoloxía.

Investigador do Grupo de Estudos Avanzados en Violencia (GEAV-UB).



III Obradoiro *Elaboración de informes periciais e de asistencia á vista*



Avaliación forense en violencia de parella: vítimas e agresores



Momento do obradoiro

*Psicología xurídica do menor: unha visión multidisciplinar*

Momento da conferencia



Algúns dos membros do Grupo de Traballo de Psicología Xurídica e das Forzas de Seguridade

■ Obradoiro *Avaliación psicolóxico-forense en menores vítimas de violencia sexual*

Data: 23 de maio.

Lugar: Facultade de Psicología da USC.

Docente: **Mariana Abeledo Otero**. Psicóloga. Experta en menores infratores e reeducación de agresores de violencia de xénero.

■ Xornada *Psicología xurídica do menor: unha visión multidisciplinar*

Data: 28 de novembro.

Lugar: Salón de actos do COPG.

Relatores: **Francisco Javier Rodríguez Díaz**. Psicólogo. Profesor do departamento de psicología da Universidad de Oviedo / **Juan Carlos Aladro Fernández**. Fiscal xefe provincial de Pontevedra / **Juan Luis Basanta Dopico**. Psicólogo. Equipo técnico do Xulgado de Ourense / **Duarte Crestar Pena**. Director do centro CIEMA da Coruña.

■ Conferencia *A proba pericial psicolóxica no proceso penal*

Data: 19 de decembro.

Lugar: Salón de actos do COPG.

Relator: **Miguel Aramburu García-Pintos**. Xuíz do Xulgado do Penal número 2 de Pontevedra e xuíz decano do partido xudicial de Pontevedra.

b) Grupos de Traballo:

- Grupo de Traballo de Psicología Xurídica e das Forzas de Seguridade. Constituíuse en 2015. O obxectivo deste grupo de trallo é a promoción do desenvolvemento científico e profesional neste ámbito. Reuníronse en tres ocasións durante 2015.

As persoas integrantes deste grupo son:

M. Milagros Martínez García (Coordinadora) / **Andrea Abilleira Escudero** / **Javier Dezagoire Limeres** / **Ángela Díaz del Río Lago** / **Patricia Fernández Varela** / **M^a Begoña Hermida Martínez** / **M^a Filomena Garrido Blanco** / **Alicia Peralejo Abeleira** / **María Manuela Rodríguez Martínez** / **M. Isabel Rodríguez Prego** / **Victoria Romero Vieira**.

- c) Participación nas **Comisión Intersectoriais do COPG** de Mediación e Xénero.

- d) Participación no Consello de Redacción de *Cadernos de Psicología*.

- e) Participación no **Comité Organizador do III Congreso de Psicología Profesional de Galicia**.

5.4. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 24 de febreiro
- 17 de marzo
- 29 de xuño
- 30 de outubro
- 27 de novembro



Membros da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións

COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

José Luis Domínguez Rey
Coordinador

José Manuel Campal Fernández
Mónica Couso Fuentes
Concepción López Martín
Eva Muíño Gómez
Carlos Montes Piñeiro
M^a Concepción Prado Álvarez
Vogais

ACTIVIDADES

a) Formación:

- Curso *Formación sobre Avaliación psicolóxica de mergulladores profesionais*
Data: do 25 de maio ao 20 de xuño.
Lugar: teleformación e Instituto Galego de Formación en Acuicultura (IGAFA).
Docentes: **Joaquín Colodro Plaza**. Psicólogo militar experto en mergullo profesional. Delegación de Defensa na Rexión de Murcia.
Vicente Fernando Varela Parapar. Instrutor do IGAFA.
Coordinadora: M^a Concepción Prado Álvarez. Sección PTO.



Curso *Formación sobre Avaliación psicolóxica de mergulladores profesionais*



*Foro Psicología Coaching:
compartindo experiencias*



*Ética e deontoloxía en PTO:
as boas prácticas profesionais*

■ Foro *Psicología Coaching: compartindo experiencias*

Data: 19 de setembro.

Lugar: Salón de actos do COPG.

Relatores: **Israel Villar Enjo**. Coordinador do Grupo de traballo de Psicología e Coaching da Sección PTO do COPG.

Carmen Santos Chocán. Vicepresidenta da Sección de Psicología Coaching do COP Catalunya.

Luis Picazo Martínez. Vogal da Xunta de Goberno do COP Madrid, área de Psicología do Traballo, Organizacións e RR.HH.

Coordinador: **José Luis Domínguez Rey**. Sección PTO do COPG.

■ Encontro *Ética e deontoloxía en PTO: as boas prácticas profesionais*

Data: 1 de outubro.

Lugar: Salón de actos do COPG.

Participan: **Elixio A. Domarco Álvarez**. Valedor dos Colegiados e Colegiadas do COPG.

Carmen González Pais e Irene Martínez Montero. Vogais da Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG.

Xunta Directiva da Sección PTO do COPG.

Xunta Directiva da División PTORH do Consejo General de la Psicología.

b) Sesións interactivas:

Destinadas a estudantes da Facultade de Psicología da Universidade de Santiago de Compostela.

Lugar: Facultade de Psicología da USC.

Coordinador: **José Luis Domínguez Rey**. Sección de PTO do COPG.

■ Sesión Interactiva de PTO *Recursos humanos, consultoría e tecnoloxías*

Data: 15 de abril.

Relatorios:

Actividade profesional en PTO: múltiples alternativas e retos

José Luis Domínguez Rey. Sección PTO do COPG.

Psicología e consultoría: selección e xestión de persoal

Carmen González Carrillo. Directora de RR.HH. Negocio en Zemsania Oeste Consultora.

Usabilidade da tecnoloxía: persoas e proxectos multidisciplinares

Julio González Morandeira. Director de Emera Consultoría y Tecnología.

■ Sesión Interactiva de PTO *A coaching Psychology en Galicia*

Data: 2 de decembro.

Relatorio:

A Coaching Psychology en Galicia

Israel Villar Enjo. Coordinador do Grupo de Traballo de Psicología e Coaching da Sección PTO do COPG.

c) Grupos de Traballo:

■ Grupo de Traballo en Saúde e Benestar Ocupacional

Composición: Carlos Montes Piñeiro (Coordinador), José Manuel Campal Fernández, Mónica Couso Fuentes, Eduardo Estévez Diéguez, M^a del Carmen Patiño García, M^a Fabiola Pinín Paleo e José Romay Martínez.

■ Grupo de Traballo de Psicoloxía e Coaching

Composición: Israel Villar Enjo (coordinador), Elena Ivonne Daprà Castro, Marta Gómez Montero, M^a Elena Grandal Rodríguez, Carlos Xabier Martínez Corral e María Celeste Porto Gómez.

17 de marzo: reunión de traballo para a creación da estrutura e función do grupo de traballo interno.

16 de maio: constitución do grupo de traballo e presentación de obxectivos e normativa de funcionamento.

d) Colaboracións e participacións:

■ Organización da reunión da División de Psicología del Trabajo, Organizaciones y Recursos Humanos (PTORH) do Consejo General de la Psicología.

Data: 1 de outubro.

Lugar: Salón de actos do COPG.

Participan: COP Madrid, COP Andalucía Oriental, COP Catalunya, COP Las Palmas e COP Galicia.

e) Campañas de divulgación:

Divulgación dos ámbitos de intervención profesional e académicos a través de dípticos informativos.

■ Díptico: *Ámbito de actuación da Psicoloxía do Traballo e das organizacións*

■ Díptico: *A Norma UNE-ISO 10667: garantía na avaliación de persoas*

f) Participación nas **Comisións Intersectoriais do COPG** de Mediación e Xénero.

g) Participación no Consello de Redacción de *Cadernos de Psicoloxía*.

h) Participación no funcionamento da División de PTORH do Consejo General de COP.

i) Participación no **Comité Organizador do III Congreso de Psicoloxía Profesional de Galicia**.

5.5. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 7 de febreiro
- 16 de maio
- 4 de xullo
- 10 de outubro
(Asemblea de Socios e Socias)
- 24 de outubro

COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

Ata o 15 de outubro

M^a Jesús López Cernadas
Presidenta

David Facal Mayo
Vicepresidenta

M^a José Fares Varela
Secretaria

M^a Leonor Galiana Caballero
Tesoureira

Elena Bastos Expósito
Cristina Fontañá García
Isabel González-Abraldes Iglesias
Elena Seoane de la Fuente
Isabel Varela Castiñeiras
Vogais

A partir do 15 de outubro

M^a Jesús López Cernadas
Presidenta

M^a Leonor Galiana Caballero
Vicepresidenta

M^a Celeste Porto Gómez
Secretaria

José Luis Santos-Ascarza Bacariza
Tesoureira

M^a Elena Bastos Expósito
Olivia Losada Díez
María Lueiro Mendoza
M^a Elena Seoane de la Fuente
Vogais



Membros da Sección de Psicoloxía da Intervención Social



Membros da Sección de Psicoloxía da Intervención Social



Xornada *A práctica en psicoloxía da intervención social*

ACTIVIDADES

a) Formación:

- Xornada *A práctica en psicoloxía da intervención social*

Data: 7 de marzo.

Lugar: Salón de actos do COPG.

Relatores: **Francisco Blanco Romero**. Psicólogo. Presidente da Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG.

M^a Leonor Galiana Caballero e **M^a del Carmen Patiño García**.

Psicólogas da intervención social e integrantes do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do COPG.



Durante o obradoiro



A atención psicolóxica ás persoas maiores en Galicia

■ Obradoiro *Aproximación ao audiovisual como ferramenta na intervención psicolóxica*

Data: 13 de xuño.

Lugar: Salón de actos do COPG.

Reladoras: **Ana Seijo Cuba**. Psicóloga. DEA en psicoloxía social, musicoterapia. Terapeuta Gestalt.

Sabela Pernas Soto. Realizadora e docente audiovisual.

■ Charla-coloquio *A atención psicolóxica ás persoas maiores en Galicia*

Data: 10 de outubro.

Lugar: Salón de actos do COPG.

Reladoras: **María José Pose Pérez**, psicóloga no Concello de Vimianzo (A Coruña).

M^a Elena Seoane de la Fuente, psicóloga do Complexo Xerontolóxico Padre Rubinos da Coruña.

■ Xornada informativa *Apoio psicolóxico a persoas refuxiadas*

Data: 28 de novembro.

Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC.

Relatores: **Gemma Vilas Martínez**. Mediadora intercultural. Concello de Vilaboa (Pontevedra).

Joaquín Varela Riera. Coordinador autonómico de Cruz Vermella Galicia.

b) Grupos de traballo:

Grupo de traballo de psicoxerontoloxía

Composición: **Olivia Losada Díez** (Coordinadora), **Beatriz Gil Rodríguez**, **Cristina Lojo Seoane**, **Noelia Martínez Villaverde**, **Guadalupe Oroña Quintáns**, **Arturo José Pereiro Rozas**, **Sonia Ramos Lema**, **Pilar Rodríguez Somoza**, **Pedro Santamaría Gargamala**.

c) Representación do COPG no **Espazo Dialoga**, conformado polo COPG, Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia e polo Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia.

d) Participación nas **Comisións Intersectoriais do COPG** de Xénero e Mediación.

e) Participación no **Grupo de Traballo de Atención Temperá**.

f) Participación no Consello de Redacción de *Cadernos de Psicoloxía*.

g) Participación no **Comité Organizador do III Congreso de Psicoloxía Profesional de Galicia**.

6. COMISIONS

6.1. COMISION INTERSECTORIAL DE MEDIACION

REUNIONS

Celebráronse nas seguintes datas:

- 27 de xaneiro
- 19 de maio



Reunión da Comisión Intersectorial de Mediación

A Comisión Intersectorial de Mediación está formada por un representante de cada unha das seccións nomeado por cada unha destas.

A Comisión ten como obxectivo xeral dar a coñecer e impulsar a aplicación da mediación tanto entre as colexiadas e colexiados coma nas institucións e na sociedade en xeral.

COMPOSICIÓN DA COMISION

Hipólito Puente Carracedo
Coordinador

M^a Elsa Rodríguez Viña
Sección de Psicoloxía e Saúde

Ana M^a Ulloa Lage
Sección de Psicoloxía Educativa

M^a Elena Bastos Expósito
Sección de Psicoloxía da Intervención Social

Carlos Montes Piñeiro
Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións

M^a Dolores Seijo Martínez
Sección de Psicoloxía Xurídica

Eva Muño Gómez
Grupo de Tráfico e da Seguridade

ACTIVIDADES

- a) Informacións sobre o Rexistro de Mediadores e Mediadoras no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.
- b) Valoración de novas solicitudes de incorporación ao Rexistro de Mediadores e Mediadoras do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.
- c) Planificación do II Curso de Mediación en Asuntos Cívís e Mercantís.
- d) Proposta de novos contidos para incluír no glosario de mediación.
- e) Participación no Comité Organizador do III Congreso de Psicoloxía Profesional de Galicia.

6.2. COMISIÓN INTERSECTORIAL DE XÉNERO

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 20 de xaneiro
- 27 de febreiro
- 8 de xullo
- 18 de novembro



Membros da Comisión Intersectorial de Xénero

Está composta por un representante de cada unha das seccións nomeado por cada unha destas e os coordinadores dos Programas de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero e “Abramos o Círculo”.

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN

Concepción Rodríguez Pérez
Coordinadora

Nuria Lago Fernández
Sección de Psicoloxía Educativa

Rosa Cerqueiro Landín
Sección de Psicoloxía e Saúde

Concepción López Martín
Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións

María Alba Sousa González
Sección de Psicoloxía Xurídica

María Lueiro Mendoza
Sección de Psicoloxía da Intervención Social

Rubén Villar Trencó
Coordinador do Programa «Abramos o Círculo»

Fátima López Rodríguez
Coordinadora do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero

ACTIVIDADES

a) IV Encontro literario *Vozes contra a Violencia de Xénero*

Data: 25 de novembro.

Lugar: Galería Sargadelos de Santiago de Compostela.

Relatoras:

Cruz Martínez

Iolanda Aldrei

Marilar Aleixandre

Rosanegra

Concha Rousia

b) Coordinación da participación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na campaña contra a violencia de xénero *Compostela en Negro*, levada a cabo no mes de novembro polo Concello de Santiago de Compostela.



Encontro literario



Campaña contra a violencia de xénero

6.3. COMISIÓN DE PSICOLOXÍA DO DEPORTE



Membros da Comisión de Psicoloxía do Deporte

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN

M^a Dolores González Fernández
Coordinadora
Eva García Quinteiro
Graciela Lois Río
Julio Prol Bao
Iria Salvador Pérez
Delfina Vicente Santiago

ACTIVIDADES

- a) Participación no funcionamento da División de Psicoloxía da Actividade Física e o Deporte do Consejo General de la Psicología.
- b) Participación no Comité Organizador do III Congreso de Psicología Profesional de Galicia.

6.4. COMISIÓN DE CULTURA

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN

Concepción Rodríguez Pérez
Coordinadora
José Luis Domínguez Rey

- a) VIII Concurso Literario do COPG
Rosa de Cen Follas de poesía e narrativa

■ Xurado:

M^a Rosa Álvarez Prada
Decana
Concepción Rodríguez Pérez
Coordinadora da Comisión de Cultura e Escritora
Joel Gómez
Xornalista
Iolanda Rodríguez Aldrei
Escritora



Entrega de premios do VIII Concurso Literario do COPG *Rosa de Cen Follas*

- Convocatoria dos Premios de Narrativa e Poesía *Rosa de Cen Follas* o 16 de abril.
- Presentáronse un total de 15 obras, das cales 10 foron na modalidade de narrativa e 5 na de poesía.
- Reunión do xurado do VIII concurso literario do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia *Rosa de Cen Follas* o 27 de outubro co fin de deliberar o fallo dos premios de poesía e narrativa do mesmo.
- O 1 de decembro tivo lugar na sede do COPG a entrega de premios do VIII Concurso Literario do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia *Rosa de Cen Follas*.
A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, o vicedecano do COPG, Hipólito Puente Carracedo, e a coordinadora da Comisión de Cultura do COPG e vogal da Xunta de Goberno, M^a Concepción Rodríguez Pérez, fixeron entrega dos galardóns ás persoas gañadoras desta edición. Na modalidade de poesía, a galardoada este ano foi María Azucena Rey Torrente, mentres que na categoría de narrativa, a autora recoñecida é Gisela Mato Rivera. Tamén se fixo entrega dunha mención a Elena M^a González Toimil.

b) Exposicións de pintura:

O 14 de abril tivo lugar a inauguración na sede do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia da exposición de pintura da psicóloga colexiada Pilar Pastoriza González, G-1177.

A obra encadrase nun estilo *figurativo non realista*, aínda que algunhas obras tenden á abstracción. A exposición permaneceu no COPG ata o 30 de abril.

c) Exposición de fotografía:

O 18 de setembro inaugurouse no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia a exposición de fotografía titulada *Historias de lobas (Mulleres que corren con lobos)*. Trátase dunha serie de fotografías da fotógrafa e psicóloga colexiada Elena Ivonne Daprà Castro creada para traballar con mulleres que sufriran violencia de xénero, acompañando, axudando e empoderando.



Durante a inauguración da exposición de pintura



Fotografía de Elena Ivonne Daprà Castro

6.5. COMISIÓN DE ACREDITACIÓN PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES SANITARIAS

Comisión creada pola Xunta de Goberno para atender a necesidade de valorar o currículo formativo consonte o regulado na disposición adicional sétima da Lei 33/2011, de 4 de outubro, de Saúde Pública pola que se mantén o procedemento transitorio previsto no número 2 da disposición adicional sexta da Lei 5/2011, de 29 de marzo, de Economía Social en relación ao exercicio de actividades sanitarias realizadas por titulados e tituladas universitarias de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía.

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN

Concepción Fernández Fernández (ata o 29 de maio de 2015)
Secretaria do COPG

Ma Concepción Prado Álvarez
(desde o 29 de maio ata o 1 de decembro de 2015)
Vicesecretaria do COPG

Rocío García Calvo (a partir do 1 de decembro)
Secretaria do COPG

Víctor Manuel Torrado Oubiña
Vogal da Xunta de Goberno

Xavier Sardiña Agra
Presidente da Sección de Psicoloxía e Saúde

Rosa Cerqueiro Landín
Secretaria da Sección de Psicoloxía e Saúde

ACTIVIDADES

A Comisión de acreditación para o exercicio de actividades sanitarias reuniuse en 11 ocasións en 2015. Resolvéronse 25 expedientes positivos e 2 negativos.

6.6. COMISIÓN DE ACREDITACIÓN DE PSICÓLOGA/PSICÓLOGO EXPERTO EN NEUROPSICOLOXÍA CLÍNICA

O COPG, conxuntamente coa Sociedade Galega de Neuropsicoloxía e a Universidade de Santiago de Compostela, desenvolve un procedemento de Acreditación de Psicóloga/Psicólogo Experto en Neuropsicoloxía Clínica. Este procedemento de acreditación é o resultado do traballo consensuado entre as citadas institucións, que consideran que a práctica da Neuropsicoloxía Clínica require dunha formación especializada, tanto en aspectos teóricos como prácticos, que reúna criterios de calidade que deben ser acreditados polos Colexio Oficiais de Psicología.

Esta acreditación serve para cumprir dous obxectivos principais: por unha banda, permitirá garantir que os servizos que a Experta/Experto en Neuropsicoloxía Clínica proporcione á sociedade sexan dunha alta calidade, asegurando que as psicólogas e psicólogos que os desenvolven dispoñen da formación necesaria e por outra banda, servirán para establecer as bases dun futuro recoñecemento da acreditación oficial da Neuropsicoloxía Clínica.

A Comisión reuniuse en 2 ocasións, resolveu en 2015 un total de 4 solicitudes de expedición da acreditación, das cales 3 resultaron positivas por cumprirse os requisitos establecidos pola regulación actual.

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN

Concepción Fernández Fernández (ata o 29 de maio de 2015)

Secretaría do COPG

M^a Concepción Prado Álvarez (desde o 29 de maio ata o 1 de decembro de 2015)

Vicesecretaría do COPG

Rocío García Calvo (a partir do 1 de decembro)

Secretaría do COPG

Ignacio Dopico González

Representante do COPG

Ester Asensio Cubero

Representante da Sociedade Galega de Neuropsicoloxía

Ana Jartín Abreira

Representante da Sociedade Galega de Neuropsicoloxía

Marina Rodríguez Álvarez

Representante da Universidade de Santiago de Compostela

6.7. COMISIÓN PARA A DEFENSA DA PROFESIÓN E PARA A PREVENCIÓN DO INTRUSISMO

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 5 de maio
- 27 de outubro
- 15 de decembro

No COPG constituíuse o 10 de marzo 2015 a Comisión para a Defensa da Profesión e para a Prevención do Intrusismo. Entre os obxectivos desta Comisión figuran os de fomentar e potenciar o recoñecemento da psicoloxía como profesión necesaria na sociedade actual así como o fortalecemento e dignificación da mesma, a través de mecanismos en aras de erradicar a proliferación das pseudoterapias, pseudociencias ou prácticas non reguladas.

Para o exercicio da profesión da psicoloxía, segundo a normativa vixente en materia de Colexios Profesionais, é un requisito indispensable estar incorporado ao Colexio Profesional correspondente (Colexio Profesional da comunidade autónoma na que exerza a maior parte da actividade). Todos os psicólogos e psicólogas que exerzan no ámbito público ou privado baixo calquera fórmula de contratación teñen a devandita obriga.

O COPG participa tamén no Grupo de Intrusismo Profesional de Unión Profesional de Galicia.



Membros da Comisión

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN

M^a Concepción Prado Álvarez
Coordinadora

Rocío García Calvo (ata o 1 de decembro)
José Manuel Pazos Riveiro
Xabier Macías Virgós

7. GRUPOS DE TRABAJO

7.1. GIPCE. GRUPO DE INTERVENCIÓN PSICOLÓGICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 12 de xaneiro
- 9 de febreiro
- 9 de marzo
- 13 de abril
- 18 de maio
- 22 de xuño
- 20 de xullo
- 9 de setembro
- 5 de outubro
- 9 de novembro
- 14 de decembro

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN COORDINADORA

Ana Isabel Martínez Arranz

Coordinadora

Ana M^a Núñez Rubines (ata febreiro de 2015)

Julita M^a Touriño Araújo (a partir de febreiro de 2015)

Secretaria

M^a Carmen González Hermo

M^a Isabel Vázquez Prado (ata xaneiro de 2015)

Aurora Rozadilla Arias

José Ramón García Gómez

Concepción López Martín

Emma Diéguez Teijeiro (a partir de decembro de 2015)

Ana M^a Núñez Rubines (a partir de febreiro de 2015)



Membros do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias

ACTIVIDADES

a) Formación:

- Seminario I: *Repensando e abrindo o foco en violencia de xénero*.

Data: 21 de febreiro.

Lugar: Salón de actos do COPG.

Docentes: Fátima López Rodríguez, Julita M^a Touriño Araújo, Aurora Rozadilla Arias, M^a Leonor Galiana Caballero, M^a Luz Losada Somoza, Emma Diéguez Teijeiro, Lucía García-Louzao García, Raquel Malvárez García, Fernando González Iglesias, Juan Carlos Prados Moreno, José Manuel Campal Fernández, Eligio Antonio Domarco Álvarez, Lorena Nieto Iglesias e Ana Isabel Martínez Arranz.



Seminario I: *Repensando e abrindo o foco en violencia de xénero*



Curso: *Intervención Psicológica en Catástrofes e Emerxencias*



Seminario II: *Repensando e abrindo o foco en mortes de suicidio*



Momento do Curso: *Comunicación de malas novas en emerxencias e catástrofes e proceso do dó*



Seminario III: *Repensando e abrindo o foco en naufraxios e desaparicións no mar*

- Curso: *Intervención psicológica en catástrofes e emerxencias*
 Datas: 24 e 25 de abril e 8 e 9 de maio.
 Lugar: Salón de actos do COPG.
 Docentes: **Ana Isabel Martínez Arranz**. Psicóloga e terapeuta familiar. Coordinadora do GIPCE.
Mª Carmen González Hermo. Psicóloga na asociación AMBAR. Membro do GIPCE.
- Seminario II: *Repensando e abrindo o foco en mortes de suicidio*
 Data: 6 de xuño.
 Lugar: Salón de actos do COPG.
 Docentes: **Isabel Cabado Fidalgo**, **María Lillo Montes**, **Emma Diéguez Teijeiro**, **Mercedes Milagrosa García García**, **Marcos Álvarez Fernández**, **José Ramón García Gómez**, **Leticia Cariñena Amigo**, **Mª Carmen Patiño García**.
- Curso: *Comunicación de malas novas en emerxencias e catástrofes e proceso do dó*
 Datas: 11, 12, 18 e 19 de setembro.
 Lugar: Salón de actos do COPG.
 Docentes: **Aurora Rozadilla Arias**. Psicóloga clínica. Membro do GIPCE.
Julita Mª Touriño Araújo. Psicóloga no ámbito privado. Membro do GIPCE.
- Seminario III: *Repensando e abrindo o foco en naufraxios e desaparicións no mar*
 Data: 7 de novembro.
 Lugar: Salón de actos do COPG.
 Docentes: **Mª Luz Losada Somoza**, **Ana Mª Núñez Rubines**, **Emma Diéguez Teijeiro**, **Rebeca Lago Moreira**, **Fátima López Rodríguez**, **Mª Jesús Taboada Costas**, **Elixio Domarco Álvarez** e **Concepción López Martín**.

b) Intervencións:

- **Violencia de xénero:**
 4 e 5 de xullo en Arbo (Pontevedra).
 31 de xullo en Moraña (Pontevedra).
 24 de outubro en Sampaio (Pontevedra).
- **Suicidios:**
 8 de febreiro en Vilanova de Arousa (Pontevedra).
 19 de febreiro en Ourense.
 24 de febreiro en O Carballiño (Ourense).
 2 de marzo en Ourense.
 28 de decembro en Cerdedo (Pontevedra).
- **Desaparicións:**
 27 de xaneiro en Ortigueira (A Coruña).
 27 de febreiro en A Coruña.
 26 e 27 de xuño en Tomiño (Pontevedra).

■ **Accidente laborais:**

2 de xullo en Leiro (Ourense).
27 de agosto en Arteixo (A Coruña).

■ **Accidentes de tráfico:**

17, 18 e 22 de febreiro en Sanxenxo (Pontevedra).
29 de agosto en Val do Dubra (A Coruña).
5 ao 11 de setembro en Carral (A Coruña).
5 de outubro en Medina del Campo (Valladolid).
23 de decembro en Moaña (Pontevedra).

c) Participación en simulacros:

- No Aeroporto de Lavacolla (Santiago de Compostela) o 28 de xaneiro. Avisa o 061 como responsable do Grupo sanitario e de acción social do PLATERGA. Participa un membro do GIPCE.
- No Aeroporto de Peinador (Vigo) o 14 de abril, dentro do seu Plan de Autoprotección. Acudiron dous membros do GIPCE.

d) Formación impartida:

- Durante este ano impartíronse na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) un total de 168 horas de formación distribuídas en 10 cursos dirixidos á Policía Local, á Policía Autonómica e a voluntarios de Protección Civil:
 - *Aspectos psicolóxicos nas mulleres vítimas de violencia de xénero* (1ª edición) de 20 horas. Celebrouse os días 10, 11 e 12 de marzo. Destinado a membros da Policía Local.
 - *Comunicación de malas novas* (1ª edición) de 16 horas. Tivo lugar os días 25 e 26 de marzo e destinado a membros da Policía Local.
 - *Aspectos psicolóxicos nas mulleres vítimas de violencia de xénero* (2ª edición) de 20 horas. Celebrouse os días 15, 16 e 17 de abril e destinado a membros da Policía Local.
 - *Habilidades sociais en situación de estrés*, de 20 horas de duración que tivo lugar os días 11, 12 e 13 de maio. Destinado a membros da Policía Local.
 - *Comunicación de malas novas* (2ª edición) de 16 horas. Celebrouse os días 27 e 29 de maio. Destinado a membros da Policía Local.
 - *Habilidades de comunicación e interacción con nenos e adolescentes en situación de desamparo e desprotección*, de 12 horas de duración dirixido á Policía Local e Autonómica, celebrouse o 10 e 11 de xuño.
 - *Aspectos psicolóxicos nas mulleres vítimas de violencia de xénero* (3ª edición) de 20 horas. Celebrouse os días 20, 21 e 22 de setembro. Destinado a membros da Policía Local.
 - *Curso sobre apoio psicolóxico básico en situacións críticas de emerxencias ou catástrofes* de 16 horas. Celebrouse os días 13 e 14 de outubro e destinado a voluntarios de Protección Civil.
 - *Habilidades de comunicación e interacción con nenos e adolescentes en situación de desamparo e desprotección* (2ª edición), de 12 horas de duración dirixido á Policía Local e Autonómica, celebrouse o 26 e 27 de outubro.



Asistentes á formación



V Conferencia Internacional de Felicidade no Traballo

- *Xornadas sobre suceso con múltiples vítimas* celebrado o 24 de novembro, destinado a membros do GIPCE, Policía Local e Protección Civil.

- Seminario no Mestrado de Psicoloxía Xeral Sanitaria da Universidade de Santiago de Compostela o 3 de marzo.
- Impartición dun curso sobre a intervención no tren Alvia no Colegio Oficial de Psicólogos de Extremadura. Tivo lugar en Mérida o 18 de abril.
- Participouse o 11 de xuño na xornada da *V Conferencia Internacional de Felicidade no Traballo* que tivo lugar na Coruña.
- Impartiuse unha charla informativa sobre o GIPCE levada a cabo no Instituto Daviña Rey en Monforte o día 11 de xuño. A sesión estaba dirixida a alumnos de FP do ciclo de Atención a persoas en situación de dependencia.
- Participación nas I Jornadas de Psicología Aplicada a Urgencias y Emergencias, que se celebraron en Madrid do 25 ao 27 de setembro, organizadas pola Sociedad Española de Psicología Aplicada a Desastres, Urgencias y Emergencias (SEPADEM).
- Impartición do curso “Xestión e intervención psicolóxica despois dun accidente ferroviario” no Colegio Oficial de Psicólogos de Palma de Mallorca os días 27 e 28 de novembro.
- Participación na Xornada de Intervención en Accidentes Ferroviarios organizada pola Academia Vasca de Policía e Emergencias o día 4 de decembro.

e) Reunións:

- Co xerente da AXEGA e co Subdirector de Protección Civil o 11 de febreiro para revisar a intervención no accidente de tren Alvia. Nesta reunión informouse das reunións mantidas por este motivo cos distintos profesionais, dos aspectos detectados nelas a ter en conta e revisáronse situacións e aspectos relacionados coa intervención do GIPCE.
- Xuntanza o 8 de abril co Xefe de Área Técnica do Servizo Provincial de Emerxencias responsable do Plan de Asistencia a Vítimas de Accidentes Aéreos e as súas familias e coa directora do Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA). Dentro deste Plan establécense as seguintes visitas aos Centros de Atención as Familias (CAFS) e aos centros que albergarán o tanatorio, designados en cada unha das 7 grandes cidades galegas: 15 de maio en Ferrol, 22 de maio en Lugo, 29 de maio en Ourense, 5 de xuño en Pontevedra, 12 de xuño en Santiago de Compostela, 18 de xuño na Coruña e 19 de xuño en Vigo.
- Coa Asociación de Técnicos de Emerxencias Sanitarias (ASGATE) o 29 de setembro. Expoñen a necesidade que teñen de atención psicolóxica en situacións de certa envergadura como foi o rally de Carral.
- No aeroporto de Peinador (Vigo) o 15 de decembro para a revisión e aprobación do novo Plan de Autoprotección.

f) Grupos de Trabajo

■ Grupo de gardas

Formado por: Isabel Cabado Fidalgo, M^a Leonor Galiana Caballero, Elena González Cid, M^a Carmen González Hemo, Concepción López Martín, Fátima López Rodríguez, M^a Luz Losada Somoza, Raquel Malvárez García, Ana M^a Núñez Rubines, M^a Carmen Patiño García, Aurora Rozadilla Arias, M^a Elena Seoane de la Fuente, M^a Jesús Taboada Costas e Isabel Vázquez Prado.

Encargadas de realizar gardas telefónicas que permitiron dar cobertura as 24 horas do día dos 365 días do ano a todas as demandas do 112 de atención a emerxencias.

■ Grupo de Apoio a Intervenientes (GAI)

Formado por: Leticia Cariñena Amigo, M^a del Carmen González Hermo, M^a Jesús Lillo Montes, Gonzalo Opazo Marra, Avelina Senra Comesaña e M^a Jesús Taboada Costas.

Encargados de proporcionar o soporte psicológico necesario a aqueles membros do grupo que acaban de participar nunha intervención.

Durante o ano 2015 non se activou o GAI.

Reunión Interna: Realizada o 7 de novembro coa intención de revisar o actual protocolo de actuación. Fíxose unha posta en común con todos os compoñentes do grupo para artellar un protocolo de actuación. Acordouse facer unha enquisa de valoración da súa utilidade e a partir de aí modificar o que sexa necesario.



Durante o simulacro

■ Grupo de Trabajo para Plans de Emerxencia Exterior

Formado por: Ana Isabel Martínez Arranz e Elena González Cid (provincia da Coruña), M^a José Lillo Montes (provincia de Lugo), José Ramón García Gómez (provincia de Ourense) e M^a Luz Losada Somoza (provincia de Pontevedra).

Encárganse de elaborar a documentación necesaria para poder desenvolver as nosas intervencións no caso de que se active algún destes Plans de Emerxencia Exterior e da asistencia ás reunións que se convoquen para a preparación do plan da coordinación dos simulacros correspondentes.

Durante este ano participouse na elaboración do Plan de Autoprotección do aeroporto de Peinador en Vigo, realizándose un simulacro o 14 de abril.

■ Grupo de Trabajo para Plan de Emerxencias Interno

Formado por: M^a Luz Losada Somoza, Lorena Nieto Iglesias, Raquel Malvárez García e Isabel Vázquez Prado.

Encárganse de revisar e rematar o Plan de Emerxencias Interno.

Durante este ano tiveron 1 reunión por Skype o 19 de xaneiro.

■ Grupo de Trabajo encargado de elaborar Material de Intervención.

Formado por: María Carou López, Emma Diéguez Teijeiro, M^a Leonor Galiana Caballero e Julita M^a Touriño Araujo.

Ten a finalidade de revisar a ficha de triaxe, elaborar a ficha de filiación e actualizar o protocolo de activación.

Durante este ano tiveron 5 reunións realizadas por Skype o 19 de xaneiro, 2 de febreiro, 3 e 16 de marzo e 20 de abril.

g) Difusión:

- Publicación de artigos en revistas especializadas de aspectos relevantes para outros profesionais da nosa intervención no accidente de tren Alvia:
 - “Comunicación de achado de novos restos humanos despois do funeral”, publicado na revista Psicosocial & Emergencias o 14 de febreiro de 2015.
 - “Descarrilamento do tren Alvia. Santiago de Compostela, 24 de xullo de 2013: boas prácticas e leccións aprendidas”, publicado na revista Cuadernos de Crisis y Emergencias.
 - “Comunicación de malas novas. O accidente do tren alvia en Santiago de Compostela. (24 de xullo de 2013)”, publicado no número 14 da revista Cuadernos de Crisis y Emergencias.
- Publicación de información de interese na revista INFOCOP, editada polo Consejo General de la Psicología e de difusión nacional.
- Presentación o día 24 de novembro da “Guía de autocoidado para intervinientes en situacións críticas”, na AGASP durante a Xornada sobre sucesos con múltiples vítimas. Destinada a todos os grupos profesionais que interveñen en emerxencias.
- Difusión da “Guía de autocoidado para intervinientes en situacións críticas” a través das redes sociais e da páxina do COPG; envío ao resto de grupos de emerxencias dos distintos Colexios Oficiais de Psicoloxía do estado.

h) Documentación:

Incorporouse á área de documentación o seguinte material:

- Libros:
 - Santos, R.: *Levantarse y luchar. Como superar la adversidad con la resiliencia*. Ed. Conecta.
- Películas:
 - *Omag* (1998). Director Pete Travis.
 - *Caprichos del destino* (1999). Director Sydney Pollack.
 - *Mystic River* (2003). Director Clint Eastwood.
 - *Te doy mis ojos* (2003). Directora Iciar Bollaín.
 - *Al límite* (2010). Director Martin Campbell.
 - *Profesor Lazhar* (2011). Director Philippe Falardeau.
 - *Tan fuerte tan cerca* (2011). Director Stephen Daldry.
- Recollida de todo o material relacionado co accidente da Germanwings.
- Publicación da *Guía de autocoidado para intervinientes en situacións críticas*.
- Publicación do *Protocolo de actuación en centros educativos*.

7.2. GRUPO DE TRÁFICO E SEGURIDADE

REUNIÓN DA COMISIÓN COORDINADORA

Celebráronse nas seguintes datas:

- 29 de xaneiro
- 5 de marzo
- 30 de abril
- 25 de xuño
- 2 de outubro
- 26 de novembro

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN COORDINADORA

Eva Muíño Gómez
 Coordinadora
 Eduardo Anoeta Rodríguez
 Juan Bonome Rodal
 Pilar Casal Devesa
 Rosa M^a Domínguez Cameán
 Carlos Gestal Gestal
 María Mariño Barca
 M^a Jesús Sánchez Peteiro

REUNIÓN DO GRUPO DE TRÁFICO

Celebráronse nas seguintes datas:

- 23 de maio



Membros do Grupo de Tráfico e Seguridade

ACTIVIDADES

a) Formación do Grupo:

Sesión Formativa *Avaliación neuropsicolóxica de persoas maiores no contexto do tráfico. Probas de cribaxe*

Data: 23 de maio.

Lugar: Salón de actos do COPG.

Docente: **Xavier Sardiña Agra**. Psicólogo clínico no Complexo Hospitalario A Coruña (CHUAC). Presidente da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG.

b) III Xornadas Galegas de Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade *Intervindo desde a Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade*

Data: 12 de decembro

Lugar: Escola Galega da Administración Pública (EGAP)



Momento das III Xornadas Galegas de Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade

c) Intervencións:■ *Xornadas de Concienciación*

Realizáronse neste ano 3 intervencións con outros tantos grupos de persoas penadas por delitos relacionados coa Seguridade Viaria:

- 1 Grupo en Ferrol, nos meses de setembro e outubro.
- 1 Grupo en Santiago, nos meses de outubro e novembro.
- 1 Grupo en Ferrol nos meses de outubro e novembro.

Actuaron como coordinadores e coordinadoras: Eduardo Anoeta, Paula Pereira, Begoña Blanco e Juan Bonome, Diego Antelo, María Mariño, Eva Muíño e Teresa Antelo.

■ *SEVIME*

Este programa lévase desenvolvendo desde hai cinco anos en colaboración coas Policía Local de Vigo e Pontevedra para dar resposta ás penas relacionadas co tráfico e a seguridade viaria con menores.

En 2015 levouse a cabo unha intervención cun grupo de 9 menores, en colaboración coa Policía Local de Vigo.

■ *PSICOVIAL*

A finais de setembro deu comezo, no local sociocultural “A Cuña” en Ourense, a terceira edición do programa Psicovial, en formato programa longo e grupo pequeno, durante 9 meses. Neste caso o grupo estivo composto por 12 asistentes, penados con poli e multirreincidencia.

Este programa segue a desenvolverse a razón dunha sesión quincenal de 4 horas de duración cada sesión. Intercálanse sesións individuais con sesións grupais durante os primeiros 6 meses, posteriormente nos tres últimos meses realízanse sesións individuais de seguimento.

Coordinan esta intervención José Lamas e Sandra Sesto.

d) Participación nas seguintes actividades:

- Celebráronse 3 reunións (xuño, novembro e decembro) co representante do Grupo UDIPRE da USC en relación ó convenio de colaboración co Grupo de Tráfico e á solicitude do proxecto de investigación da convocatoria anual da DGT.
- Asistencia ao simulacro de accidente organizado no campus universitario de Pontevedra o día 14 de outubro, dentro do programa de actividade de concienciación viaria dirixidas ao ámbito universitario e organizadas pola Universidade de Vigo, a DGT e o Concello de Pontevedra; participando na mesa redonda posterior co relatorio “Peóns/condutores, aspectos psicolóxicos e reincidencia” presentado por M^a Jesús Sánchez Peteiro.
- Asistencia ao Foro de Stop Acidentes “Mediación en accidentes de tráfico” desenvolvido o 16 de outubro en Santiago de Compostela.

7.3. GRUPO DE TRABAJO DE ATENCIÓN TEMPERÁ

O Grupo de Trabajo constituíuse en 2014 para estudar e valorar a situación da Atención Temperá na nosa Comunidade ao abeiro da nova lexislación que regula a actuación integral en Galicia; tanto no modelo de intervención como na situación das e dos profesionais da Psicoloxía que a desenvolven.

O Grupo está composto por un representante das seccións de Psicoloxía e Saúde, de Intervención social e de Educativa, nomeado por cada unha destas.

REUNIÓN DO GRUPO

■ 14 de abril

COMPOSICIÓN DO GRUPO

Olegaria Mosqueda Bueno

Coordinadora

Manuela del Palacio García

Sección de Psicoloxía Educativa

M^a José Fares Varela

Sección de Psicoloxía da Intervención Social

Javier Sardiña Agra

Sección de Psicoloxía e Saúde

José Carlos Cardama Barrientos

M^a Luisa Pendás Sánchez

Expertos




Membros do Grupo de Trabajo
de Atención Temperá

8.

CONVENIOS DE COLABORACIÓN

8.1. PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOLÓGICA A MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO



Programa de Atención Psicológica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero


Este programa sitúase dentro do marco do Convenio de Colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e o COPG para a atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero, e complementariamente a menores e outras persoas dependentes delas que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero. Vénse renovando anualmente desde o ano 2004.

COORDINADORA:

Fátima López Rodríguez

ACTIVIDADES**a) Formación (impartida conxuntamente co Programa Abramos o Círculo):**

- Xornada de formación continuada dos Programas de atención psicolóxica en violencia de xénero.
Data: 14 de marzo.
Lugar: Facultade de Psicología da USC.
Relatoras: Begoña Riveira Barros, Directora do Centro de Recuperación Integral (CRI).
Beatriz Andrés Alonso, Psicóloga do CRI.
Pilar Fernández Pérez, Fiscal de Violencia de Xénero en Santiago de Compostela.
Ana Izquierdo Galante e M^a Victoria Canosa Raña, Psicólogas.
Terapeutas acreditadas dos programas de atención psicolóxica do COPG.
- Xornada formativa *O papel dos programas de atención psicolóxica en violencia de xénero ante a administración de xustiza*
Data: 13 de xuño.
Lugar: Escola Galega de Administración Pública.
Relatoras: Cecilia Barros Díaz, Avogada. Asesora xurídica do COPG.
Carmen Morell Muñoz, Psicóloga. Terapeuta acreditada dos programas de atención psicolóxica en violencia de xénero do COPG.



Durante a xornada formativa O papel dos programas de atención psicolóxica en violencia de xénero ante a administración de xustiza

- Obradoiro *Traballo con emocións en psicoterapia vinculada a contextos de violencia de xénero*

Data: 16 e 17 de outubro.

Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC.

Docente: Pau Pérez Sales. Psiquiatra. Facultativo especialista da área de Psiquiatría do Hospital Universitario La Paz de Madrid.

b) Actividades desenvolvidas pola coordinadora:

- Participación como relatora na xornada de formación do GIPCE *Repensando as intervencións nas situacións de Violencia de Xénero* o 21 de febreiro.
- Participación na Xornada de Violencia de Xénero na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) o 5 de xuño.
- Elaboración do protocolo de actuación interno en aqueles casos nos que se inclúe a menores dentro do programa.

c) Intervencións:

- O equipo de psicólogos e psicólogas que traballan ao abeiro do programa consta de 102 profesionais en toda a Comunidade.
- Solicitan intervención o longo do ano 329 mulleres, 45 delas non cumpren os criterios de admisión no programa ou non é posible a inclusión:
 - En 18 casos non teñen denuncia e non conseguen acreditar a situación de violencia de xénero por diferentes motivos.
 - En 22 casos existe convivencia co maltratador no momento da solicitude de incorporación.
 - En 5 casos non é posible o posterior contacto tras a derivación, para darlle entrada no programa.

d) Participación da coordinadora do programa na **Comisión Intersectorial de Xénero do COPG.**


e) Reunións:

- Visita e xuntanza co persoal do Centro de Recuperación Integral para Mulleres vítimas de violencia de xénero (CRI), para coordinación e coñecemento do novo recurso o 4 de febreiro.
- Xuntanza coas Fiscais de Violencia de xénero do Xulgado de Santiago de Compostela o 4 febreiro.
- Xuntanza coa Unidade de Prevención, Asistencia e Protección da Comisaría Policía Nacional de Ourense con motivo de presentar, xunto co coordinador do Programa Abramos o Círculo, o labor realizada polos Programas o 13 maio.
- Asistencia á reunión de traballo Subgrupo de traballo G.T 1 do Observatorio Galego de Violencia de Xénero o 26 de maio e 17 de xuño.
- Reunión na Secretaría Xeral de Igualdade o 10 de novembro.



Momento do obradoiro

8.2. PROGRAMA “ABRAMOS O CÍRCULO”



Programa *Abramos o círculo*

Programa incluído no Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e o COPG para a atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar. Vénse renovando anualmente desde 2001.

COORDINADOR:

Rubén Villar Trencó

ACTIVIDADES

a) Formación:

Impartida conxuntamente co Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero

- Xornada de formación continuada dos Programas de atención psicolóxica en violencia de xénero.

Data: 14 de marzo.

Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC.

Relatoras: **Begoña Riveira Barros**. Directora do Centro de Recuperación Integral (CRI).

Beatriz Andrés Alonso. Psicóloga do CRI.

Pilar Fernández Pérez. Fiscala de Violencia de Xénero en Santiago de Compostela.

Ana Izquierdo Galante e M^a Victoria Canosa Raña. Psicólogas.

Terapeutas acreditadas dos programas de atención psicolóxica do COPG.

- Xornada formativa *O papel dos programas de atención psicolóxica en violencia de xénero ante a administración de xustiza*

Data: 13 de xuño.

Lugar: Escola Galega de Administración Pública.

Relatoras: **Cecilia Barros Díaz**. Avogada. Asesora xurídica do COPG.

Carmen Morell Muñoz. Psicóloga. Terapeuta acreditada dos programas de atención psicolóxica en violencia de xénero do COPG.

- Obradoiro *Traballo con emocións en psicoterapia vinculada a contextos de violencia de xénero*

Data: 16 e 17 de outubro.

Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC.

Docente: **Pau Pérez Sales**. Psiquiatra. Facultativo especialista da área de psiquiatría do Hospital Universitario La Paz de Madrid.

b) Actividades desenvoltas polo coordinador:

Participación na Xornada de Violencia de Xénero na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) o 5 de xuño.

c) Intervencións:

- O equipo de psicólogas e psicólogos que traballan ao abeiro do programa consta de 75 profesionais en toda Galicia.
- En total foron atendidos 114 homes, admitíronse 63 casos e iniciaron a intervención 59.

d) Participación do coordinador do programa na **Comisión Intersectorial de Xénero do COPG.****e) Reunións:**

- Visita e xuntanza co persoal do Centro de Recuperación Integral para Mulleres vítimas de violencia de xénero (CRI), para coordinación e coñecemento do novo recurso o 4 de febreiro.
- Xuntanza coas Fiscais de Violencia de xénero do Xulgado de Santiago de Compostela o 4 febreiro.
- Xuntanza coa Unidade de Prevención, Asistencia e Protección da Comisaría Policía Nacional de Ourense con motivo de presentar, xunto coa coordinadora do Programa de atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero, o labor realizada polos Programas o 13 maio.
- Asistencia á reunión de traballo Subgrupo de traballo G.T 1 do Observatorio Galego de Violencia de Xénero o 26 de maio e 17 de xuño.
- Reunión na Secretaría Xeral de Igualdade o 10 de novembro.

8.3. INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS

Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia en Materia de Protección Civil. Vense renovando anualmente desde 1997.

O obxecto deste convenio é achegar apoio á acción permanente dos órganos e autoridades competentes en protección civil para a prevención e atención ante as emerxencias.

O COPG vén sostendo un Grupo de Traballo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE), ver epígrafe 7.1 desta Memoria, organizado en forma de rede activable integrada por 41 psicólogas e psicólogos colexiados, con capacitación técnica e dotado da necesaria estrutura organizativa. O GIPCE ofrece un recurso necesario e preparado para a resposta de intervención psicolóxica en desastres de media e grande magnitude.

8.4. PROGRAMA DE MEDIACIÓN INTRAXUDICIAL

En 2015 renováronse os Convenios de Colaboración entre as Consellerías de Traballo e Benestar e Presidencia, Administracións Pública e Xustiza da Xunta de Galicia, o Ministerio Fiscal, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, o Colexio Oficial de Avogados de Santiago e o Colexio de Avogados de Ourense para dar continuidade aos Programas de Mediación Intraxudicial en Santiago de Compostela e Ourense.

No mes de novembro de 2015 asinouse por primeira vez o Convenio de Colaboración de Mediación Intraxudicial da Coruña.

A través dos convenios asinados pretende desenvolverse programas de mediación intraxudicial gratuíta en Santiago de Compostela, Ourense e a Coruña, mediante a constitución de equipos de mediación compostos por un psicólogo ou psicóloga e un avogado ou avogada que traballen en directa conexión cos fiscais dos xulgados e coa propia xudicatura.

Estes programas impulsan a mediación familiar como unha técnica de resolución de conflitos en procesos xudiciais de familia no que se trata de acadar un acordo entre as partes, considerando as necesidades de cada membro da familia e, especialmente, dos menores do núcleo familiar.

Equipo de mediación intraxudicial de Santiago de Compostela

Juan Manuel Daponte Codina

Titular

Ana Esther Lamas Tizón

Suplente

Ao equipo de Santiago de Compostela fóronlle derivados 62 casos, dos que 56 asistiron á reunión informativa presencial (SIP). Deles aceptaron realizar mediación 32 (un 57,1%), dos cales 11 seguen en trámite para o ano 2016 (un 34,4%). Dos asuntos xa pechados, remataron con acordo 8 (38,1%) fronte a 13 sen acordo (61,9%). O servizo funciona dúas mañás á semana. Nos casos atendidos, o tipo de procedementos foron: separacións/divorcios; modificación de medidas e réxime de visita de avós.

Equipo de mediación intraxudicial de Ourense

José Antonio Varela Alonso

Titular

José Ramón García Gómez

Suplente

Ao equipo de Ourense fóronlle derivados 107 casos, dos que 61 asistiron á reunión informativa presencial (SIP).

Deles aceptaron realizar mediación 35 (un 57,4%), dos cales 12 seguen en trámite para o ano 2016 (un 34,3,2%). Dos asuntos xa pechados, remataron con acordo 22 (95,7%) fronte a 1 sen acordo (4,3%). O servizo funciona dúas mañás á semana. Nos casos atendidos, o tipo de procedementos foron: separacións/divorcios; modificación de medidas e réxime de visita de avós.

8.5. “XORNADAS DE CONCIENCIACIÓN” DE SEGURIDADE VIARIA

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, a través do Grupo de Tráfico e da Seguridade e en colaboración directa cos Servizos Provinciais de Penas e Medidas Alternativas da Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias do Ministerio del Interior e a Dirección Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia, levou a cabo as “Xornadas de Concienciación” de seguridade viaria. Estas Xornadas van dirixidas a persoas penadas por delitos relacionados co tráfico e a seguridade viaria en substitución dos Traballos en Beneficio a Comunidade (ver epígrafe 7.2 desta Memoria).

O obxecto deste programa é o de posibilitar que os e as profesionais do Tráfico e da Seguridade poidan continuar traballando a concienciación coas persoas penadas por delitos relacionados co tráfico e a seguridade viaria.

O Grupo de Tráfico e da Seguridade conta cunha rede de 20 psicólogos e psicólogas con capacitación técnica e experiencia prolongada ao longo destes últimos cinco anos, intervindo cun total de 600 persoas penadas por delitos relacionados co ámbito do tráfico.

8.6. PROGRAMA PSICOVIAL

No marco de colaboración coa Dirección Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia, e para responder ás demandas da Unidades Provinciais de Medidas Alternativas de Institucións Penitenciarias, en 2015 o COPG a través do Grupo de Tráfico e da Seguridade un programa de intervención con persoas penadas por delitos relacionados co tráfico cunha orientación de intervención exclusivamente psicolóxica e dentro dun formato de programa prolongado con 9 meses de duración (ver epígrafe 7.2 desta Memoria).

O obxecto deste programa é dispor da posibilidade de poñer en práctica a experiencia acadada no formato taller de Xornada de Concienciación para transformala en programa longo de intervención psicolóxica. Trátase dun nivel superior ao formato de Xornada de Concienciación en tanto que hai maior gradación nas penas así como reincidencia, dándose casos de ata 300 xornadas de pena tanto con multi como polirreincidencia.

O COPG sigue sendo pioneiro no Estado con este tipo de programas fóra do contexto da organización de Institucións Penitenciarias como xa ocorrera no seu momento co formato Xornadas de Concienciación.

8.7. PROTOCOLO DE COLABORACIÓN COA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia mantén desde 2013 un protocolo de colaboración coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia para a prestación de asistencia pericial á administración de xustiza nos procedementos penais a petición dun xulgado ou cando a proba fose acordada a solicitude dunha persoa beneficiaria de asistencia xurídica gratuíta.

8.8. ACORDO MARCO DE COLABORACIÓN CO INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL (ISSGA) DA XUNTA DE GALICIA

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), dependente da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, mantense desde abril de 2013 un acordo marco de colaboración para a promoción de actuacións de seguridade e saúde no traballo.

Este acordo establece canles de colaboración para o desenvolvemento de actividades de información e formación en prevención de riscos laborais, así como na programación e coordinación das actividades desenvolvidas polo COPG, co obxectivo de mellorar as condicións de seguridade e saúde no traballo, reducir os riscos laborais, e avanzar na investigación e fomento de novas formas de protección e promoción de estruturas eficaces de prevención.

8.9. CONVENIO COA FUNDACIÓN EDUCACIÓN, DEPORTE Y SALUD (FEDYS)

Convenio de colaboración desde 2008 entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Fundación Educación, Deporte y Salud (FEDYS), que tal e como recolle o seu nome, ten tres eixes básicos de actuación: a educación, o deporte e a saúde.

Este convenio permite, entre outros aspectos, o desenvolvemento e a mellora da saúde na poboación xeral a través da práctica da actividade física e deportiva co obxectivo de diminuír algunhas das enfermidades máis frecuentes nas sociedades actuais como a hipertensión, a diabetes..., e un problema cada día máis en aumento como é a obesidade. Tamén permite a posibilidade de levar a cabo traballos de investigación relacionados coa área ou a organización de cursos, seminarios ou xornadas.

Finalmente, unha das colaboracións máis relevantes pola súa novidade é o asesoramento vocacional e psicolóxico aos deportistas que se achegan á Oficina de Atención ao Deportista, tanto as persoas que están en activo como as xa retiradas.

8.10. CONVENIO COA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Convenio marco de colaboración desde 2008 entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela.

Ao abeiro deste convenio, a Universidade e o COPG executan de xeito conxunto proxectos e programas de investigación, desenvolvemento e transferencia de coñecemento, ademais de cooperar en programas e actividades de formación continuada de profesionais e de persoal investigador.

Encadrado neste convenio, o COPG ten asinado un convenio específico de colaboración entre o Grupo de Tráfico e Seguridade e a Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela co fin de desenvolver un modelo de intervención psicolóxica dirixido a previr a reincidencia das persoas infractoras de tráfico.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia tamén asinou convenio específico coa Universidade de Santiago de Compostela para a organización e desenvolvemento en 2015 dun Curso sobre o Código Deontolóxico que recibiu o alumnado do Practicum do Grao en Psicoloxía, con carácter previo á súa incorporación aos centros nos que vaian a desenvolver as prácticas. O devandito curso foi impartido pola Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG.

8.11. CONVENIO COA UNIVERSIDADE DE VIGO

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia mantén desde 2012 un convenio marco de colaboración coa Universidade de Vigo cuxo propósito é realizar conxuntamente actividades e proxectos en todo tipo de materias que resulten de interese para ambas institucións.

Ao abeiro do convenio marco, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia asinou coa Universidade de Vigo no mes de xullo un convenio de colaboración específico para o desenvolvemento científico no marco do programa de doutoramento en Ciencias da Educación e o Comportamento.

8.12. CONVENIO COA FUNDACIÓN MENIÑOS

Convenio marco de colaboración desde 2008 entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e Meniños Fundación para a Infancia.

Este convenio ten por obxecto definir un marco xeral de colaboración estable entre ambas as dúas institucións para o desenvolvemento de accións de formación, investigación, comunicación, publicacións, asesoramento ou calquera outra de interese común.

8.13. CONVENIO COA FEDERACIÓN GALEGA DE DANO CEREBRAL (FEGADACE)

Convenio marco de colaboración desde 2012 entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE).

Este convenio de colaboración entre as dúas entidades asinou co fin de promover accións conxuntas, coordinadas e beneficiosas para ambas institucións, que teñan por obxecto a sensibilización, a formación, a intervención social, a investigación e a organización de accións e eventos.

9. SERVIZO DE INTERVENCIÓN EN PSICOLOXÍA FORENSE

O principal fin do Servizo de Intervención en Psicoloxía Forense é o nomeamento de psicólogos e psicólogas peritos perante a Administración de Xustiza.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia conta cun listado de psicólogos e psicólogas, para responder ás demandas que se fagan á Institución de nomeamento de peritos para actuar ante os órganos xurisdiccionais e das Administracións Públicas. Este listado, de ámbito territorial provincial, organízase en tres áreas concretas de intervención:

- Dereito Penal
- Dereito Civil
- Dereito Laboral, Social e outros ámbitos

En cumprimento do establecido na Lei, fíxose un envío a todos os xulgados de Galicia dos listados de psicólogos e psicólogas peritos dispostos a actuar nas diferentes áreas de intervención para a súa designación directa por parte dos xulgados.

Tamén se colaborou na edición da Guía de Peritos Xudiciais 2015, elaborada pola Unión Profesional de Galicia.

10.

SERVIZO DE MEDIACIÓN EN
ASUNTOS CIVÍS E MERCANTÍS

Por acordo da Xunta de Goberno do 14 de marzo de 2014, créase o Servizo de Mediación en Asuntos Civís e Mercantís do COPG, aprobándose nesta mesma data o seu regulamento.

Este Servizo está integrado por 20 mediadores e mediadoras. Está pendente de resolución a inscrición do COPG como entidade de mediación ante o Ministerio de Xustiza.

11.

BECA SIOTA DE INVESTIGACIÓN
EN PSICOLOXÍA

IX EDICIÓN DA BECA SIOTA

Composición do Comité Seleccionador:

M^a Rosa Álvarez Prada

Decana do COPG

Concepción Fernández Fernández (ata o 29 de maio)

Secretaria do COPG

M^a Concepción Prado Álvarez (desde o 29 de maio ata o 1 de decembro),

Vicesecretaria do COPG

Rocío García Calvo (a partir do 1 de decembro)

Secretaria do COPG

Carlos Álvarez García

Rosa Cerqueiro Landín

Ana Jartín Abreira

José Manuel Oreiro Blanco

Gloria Seoane Pesqueira

Vogais



Momento da concesión da Beca ao proxecto de Cristina Alonso Vilar

O Comité Seleccionador da IX Edición da Beca Siota de Investigación en Psicoloxía, reunido o 14 de abril de 2015, acordou a concesión da Beca ao proxecto *O uso problemático de internet en perspectiva lonxitudinal: Predictores e consecuencias do sexting e o ciberacoso nos adolescentes galegos*, presentado por Cristina Alonso Vilar, colexiada G-04779.

12. EVENTOS COLEXIAIS


ACHEGAS DA PSICOLOXÍA 2015

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia celebrou o 30 de maio a sétima edición do acto anual Achegas da Psicoloxía. No encontro, que este ano se desenvolveu en Santiago de Compostela, o COPG fixo entrega do seu máximo recoñecemento, o premio Dolores Llópiz - Psicoloxía e Sociedade 2015, a Eduard Punset xurista, economista, escritor, profesor, e divulgador científico.

Galardoóuse o gran labor realizado acercando profesionais e estudos internacionais sobre o comportamento humano, a neuropsicoloxía e as emocións, para comprender mellor o desenvolvemento das persoas.

No seu fallo, a Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía eloxia que teña “intentado explicar as emocións, a felicidade, a atención, a intelixencia, a dor ou a liberdade... cuestións que centran boa parte da nosa actividade na área da psicoloxía”.

Ademais do premio a Eduard Punset, no acto Achegas da Psicoloxía 2015 deuse a benvida aos novos colexiados e colexiadas e recoñeceuse a aqueles que levan 25 anos formando parte da institución.



1. Eduard Punset, premiado pola súa labor divulgadora, xunto coa decana, Mª Rosa Álvarez

2. Discurso da decana do COPG

3. Durante o encontro con algunhas das persoas que cumpriron 25 anos de vida colexial

4. Asistentes a Achegas da Psicoloxía

5. Membros da Xunta de Goberno do COPG



13.

REPRESENTACIÓN COLEXIAL
NOS CONSELLOS**Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela**

Titular: M^a Rosa Álvarez Prada, como membro representativo de Unión Profesional de Galicia

Consello Galego de Saúde

Titular: Xavier Sardiña Agra

Suplente: Delia Guitián Rodríguez

Consello Galego de Benestar Social

Titular: Isabel M^a Varela Castiñeiras

Suplente: M^a Leonor Galiana Caballero

Comisión Galega de Coordinación e Seguimento da Actividade fronte a Infección por VIH/SIDA e outras Infeccións de Transmisión Sexual

Titular: Luisa M^a Blanco Caramés

Consello Provincial de Servizos Sociais da Coruña

Titular: Encarnación Álvarez Gallego

Suplente: M^a Ángeles Castro Díaz

Consello Provincial de Servizos Sociais de Lugo

Titular: Isolina Rodríguez López

Suplente: Julio González Morandeira

Consello Provincial de Servizos Sociais de Ourense

Titular: José Antonio Fontelo López

Suplente: Isabel Blanco Yáñez

Consello Provincial de Servizos Sociais de Pontevedra

Titular: Felisa Balboa Cardoso

Suplente: M^a Jesús Cejudo López

Consello Sectorial de Familia, Benestar Social e Igualdade do Concello de Santiago de Compostela

Titular: M^a José Fares Varela

Consello Municipal de Servizos Sociais do Concello de Vigo

Titular: Ana M^a Fieira Nogareda

Consello Municipal de Saúde do Concello de Vigo

Titular: Irene Esperón Rodríguez

Consello Municipal de Saúde do Concello de Santiago de Compostela

Titular: Concepción Rodríguez Pérez

Consello de Deporte de Galicia

Titular: María Dolores González Fernández

14. EN REPRESENTACIÓN DO COPG

- M^a Leonor Galiana Caballero, membro da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, acudiu ás reunións do Consello Galego de Benestar Social da Xunta de Galicia celebradas o 6 de marzo, 17 de xullo, 3 de agosto, 4 de novembro e 18 de decembro. Tamén asistiu o 21 de xaneiro á reunión do Grupo de Traballo sobre Perspectiva de Xénero e Igualdade do devandito Consello.
- A vogal da Xunta de Goberno e Coordinadora da Comisión de Xénero do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, M^a Concepción Rodríguez Pérez, participou como relatora nunha mesa redonda sobre violencia de xénero celebrada ao abeiro do acto de entrega de títulos da III Edición do curso “Especialistas en intervención con mulleres vítimas de violencia de xénero”, celebrada o 3 de febreiro en Lugo e organizada pola Asociación de Mulleres Empresarias da Provincia de Lugo.
- M^a Rosa Álvarez Prada, decana do COPG, Eva Muíño Gómez, vogal da Xunta de Goberno e coordinadora do Grupo de Tráfico e da Seguridade, e M^a Carmen Lorenzo Vila, tesoureira da Sección de Psicoloxía Educativa, asistiron ao I Congreso Internacional *Os retos da educación no século XXI: Calidade e excelencia educativa*, que se celebrou en Santiago de Compostela os días 17 e 18 de febreiro organizado pola Fundación Familias Mundi.
- A presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, M^a Jesús López Cernadas, asistiu á reunión do Espazo Dialoga, integrado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia, celebrada en Santiago de Compostela o 9 de febreiro.
- A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu o pasado 5 de marzo ao acto con motivo do Día Internacional da Muller, organizado pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, en Santiago de Compostela.
- A decana do Colexio, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu o xoves 12 de marzo á Conferencia con motivo do Día Internacional do Glaucoma organizada pola Delegación Territorial da ONCE da Coruña.
- A presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, M^a Jesús López Cernadas, asistiu o venres 19 de marzo aos actos de celebración do Día Mundial do Traballo Social organizados na sala de conferencias do Centro ABANCA en Santiago de Compostela.
- O vogal da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do COPG, Carlos Montes Piñeiro, asistiu á Xornada técnica *Conciliación, demografía e empresa*, organizada pola Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia e que tivo lugar o 19 de marzo na Fundación Abanca en Lugo.

- A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, e Ana Isabel Martínez Arranz, coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) e vogal da Xunta de Goberno do COPG, asistiron o 24 de marzo á visita do novo centro de emerxencias 112 situado na Estrada (Pontevedra).
- A presidenta da Sección de Psicología da Intervención Social do COPG, M^a Jesús López Cernadas, asistiu os días 9, 17, 23 e 30 de abril ás reunións do Grupo de Estratexia Galega de Discapacidade (ESGADI) da Secretaría Xeral de Política Social da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.
- Fátima López Rodríguez, coordinadora do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero (PAPMVX), e Rubén Villar Trencó, coordinador do Programa de Abramos o Círculo, asistiron o 13 de maio a unha reunión con membros da Unidade de Prevención, Asistencia e Protección (UPAP) do Corpo Nacional de Policía de Ourense en que se facilitou información máis detallada de ambos programas. Ademais, asistiron o 26 de maio e 17 de xuño en Santiago de Compostela a senllas reunións do Subgrupo Técnico para a elaboración dun Protocolo de coordinación Institucional fronte á violencia de xénero na Comunidade Autónoma Galega, integrado no Observatorio Galego da Violencia de Xénero da Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia.
- Por outra parte, o 5 de xuño, ambos coordinadores participaron nas xornadas organizadas por Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia coa colaboración da Academia Galega da Seguridade Pública (AGASP) *Violencia de xénero e seguridade pública: avances e retos nunha loita polos dereitos das vítimas* celebrado na sede da AGASP, na Estrada, onde presentaron o relatorio *Variables psicosociais e estratexias de intervención en violencia de xénero*.
- A vicesecretaria do COPG, M^a Concepción Prado Álvarez, e a vogal de Xunta de Goberno e coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade, Eva Muíño Gómez, participaron os días 29 e 30 de abril no Foro de Intermediación e o Emprego (FIE) celebrado no Pazo de Congressos e Exposicións de Galicia en Santiago de Compostela, organizado pola Axencia Local de Colocación da Concellería de Economía, Emprego, Comercio e Turismo do Concello de Santiago. Informouse sobre as diferentes probas psicotécnicas utilizadas habitualmente nos procesos de selección de persoal.
- A coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero do COPG, M^a Concepción Rodríguez Pérez, asistiu este 5 de xuño ás VIII Xornadas sobre Violencia de Xénero do Concello de Ares: *A violencia non ten idade*.
- A vogal da Xunta de Goberno do COPG e coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE), Ana Isabel Martínez Arranz, participou como relatora na V Conferencia Internacional de Felicidade no Traballo celebrada o 10 e 11 de xuño na Coruña. Tamén participaron como asistentes Miguel A. Chouza Ponte, tesoureiro do COPG, e Aurora Rozadilla Arias, membro da coordinadora do GIPCE.



Foro de Intermediación e o Emprego (FIE)

- M^a Dolores González Fernández, coordinadora da Comisión de Deporte do COPG, asistiu o 20 de xullo ao acto inaugural do Congreso internacional de fútbol e psicoloxía que se celebrou en Santiago de Compostela do 20 ao 24 de xullo.
- Fátima López Rodríguez, coordinadora do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero (PAPMVX), e Rubén Villar Trenco, coordinador do Programa de Abramos o Círculo, asistiron o 17 de xuño, en Santiago de Compostela, á reunión do Subgrupo Técnico para a elaboración dun Protocolo de Coordinación Institucional fronte á violencia de xénero na Comunidade Autónoma Galega, integrado no Observatorio Galego da Violencia de Xénero da Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia.
- Como membro da Sección de Psicoloxía da Intervención Social, María Celeste Porto Gómez asistiu o 21 de setembro en representación do COPG á reunión para constituír una mesa de traballo para o estudo da situación das persoas sen teito-transeúntes e dos recursos de Santiago de Compostela, da Área de Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela. M^a Jesús López Cernadas, presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social, acudiu ás reunións da devandita mesa celebradas o 21 de outubro e o 2 de decembro.
- O vogal da Xunta de Goberno, José Manuel Oreiro Blanco, asistiu o 22 de setembro á reunión para desenvolver unha estratexia de acción conxunta para acoller da mellor maneira posible a todas as persoas refuxiadas, da Unidade de Atención ás Migracións (UAMI) da Concellaría de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde do Concello de Santiago de Compostela.
- A vogal da Xunta de Goberno do COPG e coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE), Ana Isabel Martínez Arranz, mantivo unha xuntanza o 28 de setembro con representantes da Asociación Galega de Técnicos en Emerxencias Sanitarias (ASGATE) para analizar vías de colaboración entre ambos grupos.
- Os membros da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións (PTO) José Manuel Campal Fernández, Carlos Montes Piñeiro e Israel Villar Enjo asistiron a varias xuntanzas nos meses de setembro e outubro das Mesas de Traballo do Pacto Local polo Emprego, da Concellaría de Economía, Emprego, Comercio e Turismo do Concello de Santiago de Compostela, que abordan as temáticas de traballo garantido e renda básica, de innovación e emprendemento, de economía social e emprego protexido, de emprego xuvenil, de recursos sociolaborais e de desigualdade de xénero no emprego.
- A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, participou no acto de inauguración das “V Xornadas Galegas de Saúde Sexual: Diversidade Sexual: Tantas Sexualidades como Persoas”, celebradas os días 6 e 7 de novembro en Pontevedra e organizadas pola Sociedade Galega de Sexoloxía.
- M^a Jesús López Cernadas, presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, asistiu o 13 de novembro á reunión da Concellaría de Políticas Sociais do Concello de Santiago de Compostela para iniciar un proceso de traballo técnico para redefinir a regulación actual das axudas municipais de emerxencia e inclusión social.

- Víctor Manuel Torrado Oubiña, vogal da Xunta de Goberno do COPG, asistiu o 23 de outubro á inauguración da nova oficina da Coruña de Previsión Sanitaria Nacional (PSN).
- Miguel A. Chouza Ponte, membro da Xunta de Goberno do COPG, acudiu o 27 de outubro á *Xornada Informativa sobre os distintos programas en Penas e Medidas Alternativas* organizada pola Comisión de Penas y Medidas Alternativas (Comisión de PYMAL) do Consejo Social Penitenciario, celebrada en Madrid.
- A Sección de PTO colaborou nas mesas de traballo para a elaboración do Pacto Local polo Emprego organizadas pola Concellaría de Economía, Emprego, Comercio e Turismo do Concello de Santiago de Compostela celebradas os pasados meses de setembro e outubro coa participación dos compañeiros José Manuel Campal Fernández, nas mesas de Economía Social e Emprego Protexido; Israel Villar Enjo, nas mesas de Innovación e Emprendemento e Traballo Garantido e Carlos Montes Piñeiro nas mesas de Recursos Sociolaborais e Desigualdade de Xénero no Emprego.
- Eva Muíño Gómez, vogal da Xunta de Goberno e coordinadora do Grupo de Tráfico e da Seguridade do COPG, asistiu o 10 de novembro a unha reunión organizada polo Concello de Santiago de Compostela para a elaboración dun Pacto pola Mobilidade que se englobaría dentro dun Plan de Mobilidade Sostible.
- O día 2 de decembro Eva Muíño Gómez, vogal da Xunta de Goberno e coordinadora do Grupo de Tráfico e da Seguridade do COPG, asistiu á sesión *Área urbana e mobilidade* e José Manuel Campal Fernández, membro da Sección PTO do COPG, á sesión *Sociedade, emprego e marco competencial*. Ambas sesións desenvolvéronse no marco das xornadas de traballo *Estratexia integrada de desenvolvemento urbano sostible da área urbana de Santiago de Compostela*, organizadas polo Concello de Santiago de Compostela.
- A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, participou na *II Xornada de Excelencia e Innovación en Psicoloxía*, que se celebrou en Madrid, o 11 de decembro, organizada por Psicofundación, coa participación do Consejo General de la Psicología, a Federación Iberoamericana de Agrupaciones de Psicología (FIAP) e o Colegio Universitario Cardenal Cisneros, xunto con outras entidades.
- O vicedecano, Hipólito Puente Carracedo, acudiu o 12 de decembro ao acto inaugural das III Xornadas Galegas de Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade, organizadas polo Colexio, que se celebraron ese día na EGAP en Santiago de Compostela.
- O presidente da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG, Francisco Javier Sardiña Agra, mantivo unha xuntanza o 18 de decembro coa Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña (CHUAC) e con membros da Asociación Galega de Psicólogos Internos Residentes (AGAPIR) para tratar sobre a prestación de psicoloxía clínica no centro.

15.

RELACIÓNS E COLABORACIÓNS
INSTITUCIONAIS**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA
DE GALICIA**

Momento da sinatura

- A decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, M^a Rosa Álvarez Prada, e o vicepresidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda Valenzuela, asinaron o 12 de maio o convenio para a atención psicolóxica especializada en violencia de xénero.

Mediante este convenio renovado anualmente permítese o desenvolvemento dos dous programas para abordar de xeito integral esta problemática que tan vixente está na nosa sociedade; Abramos o Círculo (desde 2001), destinado a homes que voluntariamente desexan erradicar a agresividade das súas relacións de parella, e o Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero (desde 2004), orientado ás vítimas de violencia.



Sinatura do convenio

- O vicedecano, Hipólito Puente Carracedo, participou o 18 de novembro na Coruña na sinatura do Convenio de Mediación Intraxudicial Familiar da Coruña, entre o Consello Xeral do Poder Xudicial, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Política Social, o Ministerio Fiscal, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Colexio Oficial de Avogados da Coruña.

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE
GALICIA - SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE**

- A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu acompañada dos coordinadores dos Programas de atención psicolóxica en materia de violencia de xénero do Colexio, Fátima López Rodríguez e Rubén Villar Trenco, a unha xornada de traballo coa secretaria xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, Susana López Abella, a subdirectora xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero, Belén Liste López, e a directora do Centro de Recuperación Integral, Begoña Riveira Barros. Nesta xuntanza, que tivo lugar en Santiago de Compostela o 4 de febreiro, abordaron a colaboración na atención psicolóxica tanto a vítimas como a agresores de violencia de xénero.

O encontro tamén serviu para presentación do Centro de Recuperación Integral para mulleres vítimas de violencia de xénero de Santiago, un centro pioneiro cuxa finalidade é desenvolver un modelo de atención integral para as mulleres vítimas da violencia machista, baseado nun sistema coordinado de servizos, recursos e medidas de tipo social, laboral e económico.

- A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, mantivo unha xuntanza o 10 de novembro con Susana López Abella, secretaria xeral de Igualdade, xunto coa coordinadora do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero (PAPMVX) do COPG, Fátima López Rodríguez, para tratar temas relativos ao convenio en materia de xénero e de colaboración entre ambas institucións.

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA - DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR

- A Decana, M^a Rosa Álvarez Prada, e a Vogal da Xunta de Goberno e Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias do COPG, Ana Isabel Martínez Arranz, reuníronse o 11 de febreiro reunión co Subdirector Xeral de Planificación e Protección Civil da Xunta de Galicia, José Gil de Bernabé, e o Xefe de Servizo de Protección Civil, Pedro Luis Sánchez Castro. Neste encontro abordáronse as liñas do convenio de colaboración para 2015 entre ambas institucións en materia de protección civil.

CONSELLERÍA DE SANIDADE – DIRECCIÓN XERAL DE ASISTENCIA SANITARIA

- A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, e Francisco Javier Sardiña Agra, presidente da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG, mantiveron o 11 de xuño na sede do COPG, unha reunión con Ramón Ares Rico, director xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde da Xunta de Galicia para tratar as demandas do noso colectivo profesional, en especial no relativo á atención psicolóxica en atención primaria e en atención especializada.

CONSELLERÍA DO MAR – DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

- A decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, María Rosa Álvarez Prada, e a vogal da Xunta de Goberno e coordinadora do Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade, Eva Muíño Gómez, mantiveron unha reunión o 27 de febreiro coa directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Xunta de Galicia, Susana Rodríguez Carballo. Neste encontro abordouse a formación específica en avaliación psicolóxica para o exercicio do mergullo profesional, que ten previsto impartir o COPG este ano, así como a habilitación de psicólogos e psicólogas para a realización das probas de avaliación psicolóxica contempladas no regulamento do exercicio do mergullo profesional.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA – DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA

- A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, xunto co vicedecano, Hipólito Puente Carracedo e coa presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa do COPG, Manuela del Palacio García, asistiu o 15 de xuño a unha reunión con Manuel Corredoira López, director xeral da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia en Santiago de Compostela. No transcurso da reunión tratouse a situación da psicoloxía educativa en Galicia, e das psicólogas e psicólogos educativos nos centros de ensino.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR – DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA E INCLUSIÓN

- A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu, xunto co tesoureiro do COPG Miguel A. Chouza Ponte, a senllas reunións o 23 de setembro e o 23 de novembro coa directora xeral de Familia e Inclusión da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, M^a Amparo González Méndez, para tratar sobre os convenios de mediación.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR – SUBDIRECCIÓN XERAL DE AUTORIZACIÓN E INSPECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS

- A presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, M^a Jesús López Cernadas, asistiu xunto con Arturo José Pereiro Rozas, profesor do máster en Psicoxerontoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, e Onésimo Juncos Rabadán, profesor no departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación da Universidade de Santiago de Compostela, a unha reunión coa subdirectora xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais da Consellería de Traballo e Benestar, M^a Jesús López Bahamonde. Nesta xuntanza, que se desenvolveu o 19 de xuño, tratáronse temas sobre as inspeccións nos xeriátricos para que teñan en conta aos/ás profesionais da psicoloxía.

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA – CONCELLARÍA DE POLÍTICAS SOCIAIS

- A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu a unha reunión o 14 de outubro na concellaría de Políticas Sociais do Concello de Santiago de Compostela para tratar dun proxecto municipal en relación ás persoas que afrontan situacións de desafuzamentos.

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA – CONCELLARÍA DE IGUALDADE, DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E TURISMO

- A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu xunto coa coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero e responsable de Dinámica Sociocultural e vogal da Xunta de Goberno do COPG, Concepción Rodríguez Pérez, a unha reunión o 28 de outubro con Marta Lois González, concelleira responsable de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo de Santiago de Compostela, para tratar temas de interese relativos á psicoloxía da súa área, concretamente en materia de igualdade e tratamento da violencia de xénero, así como explorar vías de colaboración de cara aos actos do 25 de novembro.

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA – CONCELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE E CONVIVENCIA

- A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, reuniuse o 5 de novembro xunto coa coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade e vogal da Xunta de Goberno do COPG, Eva Muíño Gómez, co concelleiro responsable de Medio Ambiente e Convivencia de Santiago de Compostela, Xan Duro Fernández, para tratar temas de interese relativos á psicoloxía da súa área, concretamente vinculados coa seguridade e a educación viaria na cidade.



M^a Rosa Álvarez Prada, durante a xornada

PARLAMENTO EUROPEO

- A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, participou na xornada do 18 de novembro *O sesgo machista na aplicación das políticas: o caso da xustiza*, organizadas por Esquerda Unitaria Europea e Esquerda Verde Nórdica, co relatorio *Violencia contra as mulleres: a mirada desde a psicoloxía para unha abordaxe integral*, celebradas no Parlamento Europeo en Bruxelas.

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA – REITORADO

- A decana do Colexio Oficial de Psicoloxía, M^a Rosa Álvarez Prada, xunto co presidente e o secretario de Unión Profesional de Galicia da que forma parte, reuniuse os días 20 de xaneiro e 6 de febreiro con representantes do Reitorado da USC. Nesta xuntanza expresouse a fonda preocupación polas dificultades de empregabilidade entre as persoas con titulación universitaria na nosa Comunidade Autónoma e manifestouse a disposición para abrir unha canle de comunicación fluída e construtiva por parte das e dos profesionais colexiados en Galicia. Segundo datos do informe Panorama da Educación 2014 que publica a OCDE, o desemprego entre este sector da poboación en España triplica a media dos países analizados no documento. Para os membros de Unión Profesional de Galicia cómpre atallar

esta situación, para o que considera preciso o impulso do diálogo coa Universidade. Unha das propostas foi a participación dos colexios profesionais no deseño e na elaboración dos plans de estudo de Grao e Máster Profesionalizantes para que as titulacións garden máis coherencia coa demanda laboral de calidade e coas competencias profesionais.

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA – CONSELLO SOCIAL

- A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu o 16 de abril, o 18 de xuño, o 9 de xullo e o 22 de decembro, en representación de Unión Profesional de Galicia, ás reunións do Pleno do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela.

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA – FACULTADE DE PSICOLOXÍA

- A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu o 24 de febreiro ao acto de celebración do Patrón da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.
- A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, participou o 25 de xuño no acto de clausura da primeira promoción do Máster Universitario en Psicoloxía Sanitaria que se celebrou na Universidade de Santiago de Compostela.
- A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, participou no acto inaugural do “IV Congreso Internacional de Atención Temperá e Educación Familiar”, celebrado o 10 de setembro en Santiago de Compostela e organizado pola Unidade de Atención Temperá da Universidade de Santiago de Compostela, polo Grupo de Investigación Escola-Cultura da Universidade de Santiago de Compostela, polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional (FEDER) e pola Rede de Inmigración, Escola e Sociedade (RIES).

UNIÓN PROFESIONAL DE GALICIA

- O 9 de marzo presentouse na Escola Galega de Administración Pública a edición de 2015 da Guía de peritos xudiciais, que publica Unión Profesional de Galicia, unha institución que representa a 44 colexios profesionais de ámbito autonómico, entre eles tamén o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.
A quinta edición desta Guía distribuirase en órganos vinculados á carreira xudicial, en administración públicas e nos colexios profesionais membros de Unión Profesional de Galicia. Contén as referencias de máis de 2500 colexiados e colexiadas de 27 titulacións profesionais, tamén do ámbito da Psicoloxía, que actuarán como peritos xudiciais.
A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu á presentación, na que tamén participaron o presidente del Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Miguel Ángel Cadenas e Juan José Martín Álvarez, director xeral de Xustiza.

- A vicesecretaria do COPG, M^a Concepción Prado Álvarez, acudiu o xoves 12 de marzo á reunión do Grupo de Traballo de Intrusismo Profesional na sede de Unión Profesional.
- A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, o 28 de marzo foi proclamada como vicepresidenta da Unión Profesional de Galicia, da cal o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia forma parte.
- A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, xunto coa Vogal da Xunta de Goberno, Concepción Rodríguez Pérez, asistiron o 10 de abril ao acto de entrega da Medalla de Honor de Unión Profesional de Galicia a Miguel Carrero López, en calidade de mentor e ex-presidente de Unión Profesional.
- A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, participou o 3 de xullo nunha mesa na Xornada sobre Intrusismo, organizada por Unión Profesional de Galicia que se celebrou na Escola Galega de Administración Pública (EGAP).
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu as seguintes reunións de Unión Profesional:
Pleno: 27 de febreiro, 3 de xullo, 18 de setembro e 30 de decembro.
Asemblea Xeral: 3 de xullo e 18 de setembro.

MOVEMENTO GALEGO DE SAÚDE MENTAL

O COPG é unha das organizacións que forman parte do Movemento Galego da Saúde Mental, onde exercen a representación as colexiadas Rosa Cerqueiro Landín e Delia Guitián Rodríguez.

- O 20 de xuño celebrouse en Santiago de Compostela, na Facultade de Psicoloxía, a xornada do MGSM “En defensa dos dereitos na atención da Saúde Mental”, na que participaron como relatores/as os colexiados e colexiadas Rosa Cerqueiro Landín, Miguel Anxo García Álvarez, Delia Guitián Rodríguez e Gonzalo Martínez Sande.
- O 10 de setembro, o Movemento Galego da Saúde Mental (MGSM), do que o COPG forma parte, organizou un acto en Santiago de Compostela con motivo do Día da prevención do suicidio.

ADHESIÓNS DO COPG

- O Colexio Oficial de Psicoloxía adheriuse ao Pacto de Estado Pola Infancia o pasado 9 de marzo. Este pacto ten como finalidade blindar os dereitos dos nenos e nenas. Desde o Colexio comprometémonos a expresar publicamente a nosa adhesión á proposta de Pacto, realizar todos os esforzos posibles para difundir a proposta e contribuír a incrementar ás adhesións individuais e doutras entidades e difundir os dereitos da infancia e velar polo seu cumprimento no exercicio da nosa profesión.
- O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia adheriuse ao comunicado da Asociación Española de Psicogerontología (AEPG) sobre o proceso de selección de persoal para cubrir diferentes prazas para a apertura de varias residencias xerontolóxicas da Deputación de Lugo, demandando a inclusión de profesionais da psicoloxía.

RECURSOS E ALEGACIÓNS INTERPOSTOS POLO COPG

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia interpuxo as seguintes alegacións e recursos:

- Recurso contra a convocatoria do Concello da Estrada (Pontevedra) para a contratación dun Licenciado ou Licenciada en Pedagogía, ao abeiro da Orde de 4 de xullo de 2014 (DOG número 133, de 15 de xullo de 2014), para o cofinanciamento de proxectos de prevención de drogodependencias promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos que desenvolvan o seu labor no eido da prevención das drogodependencias, por non terse contemplado a titulación de Psicoloxía.
- Alegacións á Deputación de Pontevedra en relación ao temario da convocatoria dunha praza vacante no cadro de persoal funcionario convocada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra con data 26 de xaneiro.
- Alegacións á convocatoria do posto de traballo de Técnico/a Coordinador/ora de Servizos Sociais do Concello de Ares para a inclusión como primeira palabra na nomenclatura do posto a de psicólogo/a.
- Achegas á proposta da Carteira de Servizos Sociais da comunidade, elaborada pola Subdirección Xeral de Inclusión, Inmigración e Acción Social da Xunta de Galicia.
- Recurso contra a convocatoria para cubrir interinamente unha praza de técnico de formación e emprego na Deputación de Pontevedra, publicada o día 14 de maio de 2015 no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.
- A respecto do proxecto Mastermind da Unión Europea, no que participa Galicia, anunciado como tratamento online para a depresión desde atención primaria, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia manifestou o seu completo rexeitamento ao modo no que se implantará este programa. Desde a institución considérase que este tipo de programas deben contar sempre coa supervisión dos psicólogos e psicólogas clínicas do Servizo Galego de Saúde (SERGAS).
- Observacións recollidas polo Grupo de Traballo de Atención Temperá do COPG ao Protocolo de coordinación, intervención e derivación interinstitucional en Atención Temperá, elaborado polas consellerías de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de Sanidade e de Traballo e Benestar.
- Alegacións e comentarios ao Proxecto de Decreto polo que se establecen os requisitos específicos de funcionamento e acreditación dos servizos definidos pola carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia, regulada polo Decreto 149/2013, do 5 de setembro.
- Recurso á resolución do 3 de xullo de 2015 pola que se convocaba o procedemento de selección de entidades sen ánimo de lucro para levar a cabo unha intervención educativa integral con persoas menores que teñan que cumprir medidas xudiciais e outras actuacións de medio aberto previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, publicada no DOG o día 15 de xullo de 2015, de acordo co disposto nos artigos 116 e seguintes da

Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

- Escrito á Fundación Pública Galega de Medicina con motivo da oferta institucional de prazas para convocar persoal en formación de apoio á xestión e promoción de I+D en distintos ámbitos, no marco do *Programa para a promoción de emprego xuvenil e implantación da Garantía Xuvenil en I+D+i*, a fin de solicitar que debido ás características do posto ofertado referente a avaliación clínica e neurocognitiva de doentes afectados con trastorno do espectro do autismo, só pode ser desenvolvido por titulados en psicoloxía.
- Manifestouse á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria reivindicación de que a materia Filosofía e Cidadanía debe ser impartida en calquera caso por profesionais da psicoloxía e non profesionais con titulacións alleas a este eido, en contra do que se recolle na Orde pola que se desenvolve a normativa para o exercicio da docencia nos centros privados no ensino de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional.
- Alegacións ante a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia ao Proxecto de decreto polo que se define a carteira de servizos sociais de inclusión, con data 1 de setembro.
- Recurso contra as Bases para o proceso selectivo de contratación dun técnico de orientación e prospección laboral e accións de sensibilización da cultura emprendedora para o programa integrado de emprego “EMPREGAMARÍN II”, con data 14 de agosto.

16.

O COPG E O CONSEJO GENERAL DE COLEGIOS OFICIALES DE PSICÓLOGOS



Durante o II Encontro Hispano Luso

II ENCONTRO HISPANO LUSO

- Data: 2 e 3 de outubro
Lugar: Santiago de Compostela
- O venres 2 e o sábado 3 de outubro tivo lugar o *II Encontro Hispano Luso*, que organizou o COPG xunto co Consejo General de la Psicología e a Ordem de Psicólogos Portugueses, e que leva por título *Achegas da psicoloxía á solución dos problemas actuais da sociedade*, que se celebrou no Auditorio ABANCA en Santiago de Compostela.
- O obxectivo deste Encontro foi trasladar aos e ás profesionais e á comunidade as achegas e as accións que desde a psicoloxía se veñen aplicando á solución de problemáticas actuais que afectan seriamente ás persoas ao longo do seu ciclo vital, ben emerxan na infancia, na adolescencia, na idade adulta ou na vellez.
- Nel abordáronse temas relacionados coa intervención psicolóxica coas persoas afectadas pola violencia de xénero, por mobbing ou estrés no espazo de traballo, coas que sufriron accidentes ou perdas por diferentes razóns (tráfico, atentados, etc.) e coas que teñen que convivir coa discriminación, entre outras.
- Dentro do marco deste Encontro fíxose a entrega do I Premio Ibérico da Psicoloxía, que recaeu en Leandro Almeida e en José Ramón Fernández Hermida, a quen lle trasladamos os nosos parabéns desde o Colexio. Leandro Almeida é un gran coñecido da nosa institución, con quen temos participado xuntos na promoción e no recoñecemento da psicoloxía educativa.

REUNIÓN DA JUNTA GENERAL DO CONSEJO GENERAL DE LA PSICOLOGÍA

- Data: 20 de xuño e 12 de decembro.
Representante: M^a Rosa Álvarez Prada, decana do COPG.

REUNIÓN DA JUNTA DE GOBIERNO DO CONSEJO GENERAL DE LA PSICOLOGÍA

- Datas: 21 de febreiro, 25 de abril, 19 de xuño, 3 de outubro e 12 de decembro.
Representante: M^a Rosa Álvarez Prada, decana do COPG.

REUNIÓN DA COMISIÓN DEONTOLÓXICA ESTATAL

- Data: 23 de xaneiro.
Representante: **Francisco Blanco Romero**, presidente da Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG.

REUNIÓN DA DIVISIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS E OS RECURSOS HUMANOS (PTORH)

- Data: 13 e 14 de febreiro, 29 e 30 de maio, 1 de outubro.
Representante: **José Luís Domínguez Rey**, presidente da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións.
- O presidente da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do COPG, **José Luís Domínguez Rey**, asistiu ao III Encontro anual interterritorial de representantes da División de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións e os Recursos Humanos celebrada o 27 de xuño.

REUNIÓN DA DIVISIÓN DE PSICOLOXÍA DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE (PACFD)

- Data: 26 e 27 de xuño.
Representante: **María Dolores González Fernández**, coordinadora da Comisión de Psicoloxía do Deporte.
- A coordinadora da Comisión de Psicoloxía do Deporte do COPG, **Mª Dolores González Fernández**, asistiu ás *III Xornadas Nacionais de Psicoloxía do Deporte*, que tiveron lugar en Madrid o 26 e 27 de xuño. Tamén asistiu ao II Encontro anual interterritorial da División de Psicoloxía da Actividade Física e do Deporte.

REUNIÓN DA DIVISIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL (PISOC)

- Data: 6 de novembro.
Representante: **Mª Jesús López Cernadas**, presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social.
- A vicepresidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, **Mª Leonor Galiana Caballero**, asistiu ao I Encontro anual interterritorial de representantes da División de Psicoloxía da Intervención Social, celebrado o 6 de novembro; e asistiu xunto coa presidenta da Sección de Intervención Social do COPG, **Mª Jesús López Cernadas**, e a vogal da citada Sección, **Mª Elena Bastos Expósito**, á I Xornada Técnica de Psicoloxía da Intervención Social celebrada o 7 de novembro en Madrid.

REUNIÓN DA ÁREA DE PSICOLOXÍA CLÍNICA

- Data: 7 de marzo.
Representante: **Xavier Sardiña Agra**, presidente da Sección de Psicoloxía Clínica.
- A decana do COPG, **M^a Rosa Álvarez Prada**, asistiu o 13 de novembro á *IV Xornada de Psicoloxía Clínica en Atención Primaria: Realidade Actual e Estratexias Futuras*, organizada polo Consejo General de la Psicología, a Asociación Española de Psicología Conductual, a Sociedad Española de Psicología Clínica y de la Salud, a Fundación Mutua Madrileña e Psicofundación.

REUNIÓN DA ÁREA DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA

- Data: 26 de setembro.
Representante: **Manuela del Palacio García**, presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa.

REUNIÓN DA ÁREA DE INTERVENCIÓN SOCIAL

- Data: 28 de marzo.
Representante: **M^a Jesús López Cernadas**, presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social.

REUNIÓN DA ÁREA DE PSICOLOXÍA DO TRÁFICO E SEGURIDADE

- Data: 18 de abril e 10 de outubro.
Representante: **Eva Muíño Gómez**, coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade.

REUNIÓN DO GRUPO DE TRABALLO DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN EN EMERXENCIAS E CATÁSTROFES

- Data: 16 de outubro.
Representante: **Ana Isabel Martínez Arranz**, coordinadora do GIPCE.
- A coordinadora do GIPCE do COPG, **Ana Isabel Martínez Arranz**, asistiu ás *Xornadas Nacionais de Intervención Psicolóxica en Emerxencias, Crises e Catástrofes* organizadas polo Colegio Oficial de Psicólogos de Ceuta, que se desenvolveron en Ceuta o 16 e 17 de outubro e ás que asistiu en calidade de convidada a decana do COPG, **M^a Rosa Álvarez Prada**.

REUNIÓN DO GRUPO DE TRABAJO DE PSICOLOXÍA E IGUALDADE DE XÉNERO

- Data: 14 de marzo e 27 e 28 de novembro.
Representante: **Concepción Rodríguez Pérez**, coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero.
Coordinadora do Grupo: **Mª Rosa Álvarez Prada**, decana do COPG.
- A coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero do COPG, **Concepción Rodríguez Pérez**, asistiu ás *VII Xornadas Nacionais de Psicoloxía contra a Violencia de Xénero*, celebradas en Sevilla os días 27 e 28 de novembro, nas que participou como relatora Mª Rosa Álvarez Prada, decana do COPG e coordinadora do devandito Grupo de Traballo

REUNIÓN DO GRUPO DE TRABAJO DE PSICOLOXÍA DO ENVELLECIMENTO

- Data: 28 de novembro.
Representante: **Mª Jesús López Cernadas**, presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social.

REVISTA INFOCOP

- O vogal da Xunta de Goberno do COPG, **José Luis Domínguez Rey**, é o correspondente en Galicia.

17. PUBLICACIÓNS



CIRCULAR INFORMATIVA

Publicáronse 6 números (do n° 252 ao n° 257)

A Circular Informativa do COPG, de edición bimensual inclúe regularmente os seguintes apartados:

- Editorial
- Información xeral
- Información das Seccións, das Comisións e Grupos de Traballo
- Información sobre cursos, xornadas e congresos
- Últimas colexiadas e colexiados de Galicia
- Avisos



MEMORIA DE ACTIVIDADES DO EXERCICIO 2014

Aprobada na Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas do COPG de 24 de marzo de 2015.

CADERNOS DE PSICOLOXÍA



Algúns membros do Consello de Redacción de Cadernos de Psicoloxía

Consello de Redacción

José Manuel Oreiro Blanco

Director

Carlos Montes Piñeiro

Subdirector / Representante da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións

Felisa Balboa Cardoso

Rocío García Calvo

M^a Elena Rodríguez Borrajo

M^a Jesús López Cernadas

Representante da Sección de Psicoloxía da Intervención Social

José Eduardo Rodríguez Otero

Representante da Sección de Psicoloxía e Saúde


Milagros Martínez García

Representante da Sección de Psicoloxía Xurídica

M^a Carmen Lorenzo Vila

Representante da Sección de Psicoloxía Educativa

Pode descargarse o último número da revista *Cadernos da Psicoloxía*, publicada polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, no enderezo <http://cadernos.copgalicia.org>



Páxina web do COPG

PÁXINA WEB

www.copgalicia.gal

Segue en funcionamento a páxina web do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, que trata de ser atractiva, dinámica e funcional e, por tanto, está sempre en proceso de posibles cambios para mellorar, non só a presentación senón tamén os contidos e o dinamismo co que se pode acceder aos mesmos.

www.copgalicia.org

En funcionamento o Portelo Único do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.



Portelo Único

18. MEDIOS DE COMUNICACIÓN

MANIFESTOS E ARTIGOS DE OPINIÓ

Enviáronse aos medios de comunicación tanto de prensa escrita como audiovisual, os seguintes manifestos e artigos de opinión:

- Día Internacional da Mediación. 21 de xaneiro.
- *Revista Psicosocial Emerxencias, publicidade dixital sobre traballo psicosocial en emerxencias, catástrofes e violencia política*, sobre a intervención psicolóxica no accidente do tren Alvia en Santiago de Compostela: A comunicación do achado de novos retos humanos despois dos funerais. Ana M^a Núñez Rubines, Aurora Rozadilla Arias, M^a Luz Losada Somoza e M^a Isabel Vázquez Prado, todas elas membros do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do COPG. 14 de febreiro.
- *O COPG reivindica as achegas da Psicoloxía Educativa como un camiño para a igualdade no Día Internacional da Muller*. Con motivo do Día Internacional da Muller que se celebra o 8 de marzo.
- *O Movemento Galego da Saúde Mental (MGSM) alerta do significativo incremento do suicidio en Galicia*. 11 de marzo.
- *O tratamento on line da depresión*. Artigo de opinión de Víctor M. Torrado Oubiña e Francisco Javier Sardiña Agra. La Voz de Galicia, 13 de abril.
- *O Colexio Oficial de Psicoloxía reclama a supervisión de profesionais especialistas en clínica do proxecto para o tratamento online da depresión*. 13 de maio.
- *Artigo Comunicación de malas novas. O accidente do tren alvia en Santiago de Compostela (24 de xullo de 2013)*. Entrevista a María Carou López, Juan Carlos Prados Moreno, Antonia San Martín García e José Ramón García García, todos membros do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do COPG. Revista dixital Cuadernos de Crisis y emergencias. Nº 14, vol. 2. Agosto 2015.
- *10 de outubro, Día Mundial da Saúde Mental*. 9 de outubro.
- *Declaración Institucional do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia con motivo do 25 de novembro de 2015*. 25 de novembro.
- *O Movemento Galego de Saúde Mental denuncia o estado do Hospital Álvarez Cunqueiro de Vigo*. 26 de novembro.
- *O Colexio de Psicoloxía denuncia a situación de ilegalidade da asistencia psicolóxica en servizos de oncoloxía do CHUAC*. 9 de decembro.
- *O Colexio de Psicoloxía chama á reflexión sobre o factor humano para erradicar a sinistralidade nas estradas*. 10 de decembro.
- *“Entretemento e aprendizaxe: as claves da escolla dos xoguetes no Nadal”*. 17 de decembro.

NOTAS DE PRENSA

Enviáronse aos medios de comunicación tanto de prensa escrita como audiovisual, as seguintes notas de prensa:

- *Xornada Necesidades afectivas especiais. Detección e intervención en contextos psicoeducativos.* 16 de xaneiro.
- *Os psicólogos e psicólogas de emerxencias avalían as súas intervencións en casos de violencia de xénero.* Con motivo do Seminario organizado polo GIPCE *Repensando e abrindo o foco en violencia de xénero* que se celebrou o 21 de febreiro. 19 de febreiro.
- *Unha rede de 118 terapeutas ofrece asistencia psicolóxica en Galicia a vítimas de violencia de xénero e agresores.* 14 de marzo.
- *O COPG forma a terceira promoción de profesionais para realizar informes periciais nos procesos xudiciais.* 14 de marzo.
- *Profesionais da psicoloxía dos psicotécnicos demandan unha maior comunicación coa Administración para reducir a sinistralidade nas estradas galegas.* 8 de abril.
- *Profesionais da psicoloxía afondan na terapia de parella para dar resposta a conflitos na relación.* 9 de abril.
- *O martes 14 de abril inaugúrase a exposición de pintura de Pilar Pastoriza no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.* 13 de abril.
- *O COPG forma profesionais en intervención para pacientes con dano cerebral.* 16 de abril.
- *Máis de 40 profesionais da psicoloxía prepáranse para intervir en emerxencias.* 23 de abril.
- *Profesionais da psicoloxía revisan as avaliacións forenses en materia de violencia de xénero.* 24 de abril.
- *Profesionais dos psicotécnicos galegos revisan as avaliacións neuropsicolóxicas dos condutores de idade avanzada.* 20 de maio.
- *Profesionais da psicoloxía revisan o vínculo do apego na infancia e na idade adulta.* 21 de maio.
- *O Colexio de Psicoloxía forma a forenses para a avaliación de menores vítimas de violencia sexual.* 22 de maio.
- *O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia outorga o seu máximo galardón a Eduard Punset.* 26 de maio.
- *Profesionais da psicoloxía de emerxencias analizan as intervencións en casos de suicidio.* 6 de xuño.
- *Seguen a facer recortes en dereitos asistenciais e na sanidade pública. Non ao peche de camas en saúde mental.* 8 de xuño.
- *Terapeutas de atención psicolóxica en violencia de xénero afondan no plano xudicial.* 11 de xuño.
- *O Colexio de Psicoloxía explora o audiovisual como ferramenta de intervención.* 12 de xuño.
- *O 5% das persoas maiores sobre malos tratos, sobre todo en casos de dependencia.* 13 de xuño.
- *A mobilización colectiva frea novamente o peche de camas.* 15 de xuño.

- *O Colexio de Psicoloxía forma psicólogos/as para a avaliación no ámbito do mergullo.* 19 de xuño.
- *Non é certo que non estean a recortar recursos en Saúde Mental.* Comunicado do Movemento Galego da Saúde Mental, do cal forma parte o COPG. 10 de xullo.
- *O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia adhiñese a Un Pacto de Estado pola Infancia.* 21 de agosto.
- *Acto informativo do Movemento Galego de Saúde Mental, do cal forma parte o COPG, con motivo do Día Mundial de Prevención do Suicidio.* 9 de setembro.
- *A comunicación de malas novas en emerxencias centra a próxima acción formativa do Colexio de Psicoloxía.* 9 de setembro.
- *O Colexio de Psicoloxía de Galicia organiza un servizo de apoio a persoas refuxiadas.* 17 de setembro.
- *O Colexio de Psicoloxía acolle a nova exposición da fotógrafa e psicóloga Elena Daprà.* 17 de setembro.
- *A psicoloxía ibérica debate en Santiago de Compostela sobre os retos da sociedade actual.* 30 de setembro.
- *A psicoloxía hispano lusa reivindica a súa capacidade para atallar problemáticas sociais.* 2 de outubro.
- *O Colexio de Psicoloxía aborda a atención psicolóxica ás persoas maiores no rural e en residencias.* 9 de outubro.
- *Pau Pérez, experto en violencia, imparte un obradoiro para terapeutas en contextos de violencia de xénero.* 15 de outubro.
- *O trastorno obsesivo-compulsivo centra a vindeira acción formativa do Colexio Oficial de Psicoloxía.* 22 de outubro.
- *Profesionais da psicoloxía de emerxencias revisan as intervencións en naufraxios.* 6 de novembro.
- *Presentación das XX Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia* *Identidade e personalidade: de que estamos a falar?*. 12 de novembro.
- *“A vixésima edición das Xornadas de Psicoloxía e Saúde reúne máis dun cento de profesionais en Lugo”.* 18 de novembro.
- *O Colexio de Psicoloxía de Galicia reclama a abordaxe integral da violencia machista no Parlamento Europeo.* 19 de novembro.
- *Profesionais da psicoloxía xurídica afondan a súa formación no eido de reeducación de menores.* 27 de novembro.
- *O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia entrega os premios literarios Rosa de Cen Follas.* 30 de novembro.
- *Sesenta e cinco condutores/as recorreron ás Xornadas de Concienciación para cumprir con sancións por tráfico.* 18 de decembro.

PARTICIPACIÓN E SOLICITUDES DOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Durante este ano puxéronse en contacto co Colexio desde diferentes medios de comunicación para participar e opinar nas seguintes reportaxes e artigos:

- Televisión de Galicia, Radio Galega e Radio Voz, 17 de xaneiro; *Faro de Vigo*, 18 de xaneiro, sobre a Xornada *Necesidades afectivas especiais. Detección e intervención en contextos psicoeducativos*. Meritxell Pacheco Pérez, docente da Xornada.
- *La Voz de Galicia* e *La Opinión*, 22 de xaneiro, sobre a eficacia e utilidade da mediación.
- *Faro de Vigo* e *La Voz de Galicia*, 24 de xaneiro, sobre recurso do COPG á convocatoria do Concello da Estrada para unha praza en prevención de drogodependencias.
- *Faro de Vigo*, 26 de xaneiro, sobre o tecnoestrés. José Manuel Campal Fernández, membro da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do COPG.
- V Televisión, 26 de xaneiro, sobre a saturación dos servizos de urxencias nos hospitais galegos. Delia Guitián Rodríguez, Vicepresidenta da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG.
- Radio Galega, 29 de xaneiro, sobre a mediación. M^a Rosa Álvarez Prada. Decana do COPG.
- *Faro de Vigo*, 18 de febreiro, sobre un estudo nacional no cal revela que os preuniversitarios mostran grande interese para traballar por conta propia. Manuela Del Palacio García, Presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa do COPG.
- Con motivo da nota de prensa enviada aos medios de comunicacións desde o COPG en relación ao Día Internacional da Muller nomeouse ao COPG en *La Voz de Galicia* e en 20minutos.es. 8 de marzo.
- Entrevista no programa *Somos Quén* da CRTVG a Rubén Villar Trencó, coordinador do Programa Abramos o Círculo do COPG. 16 de marzo.
- *Alcohol e marihuana desbancan ás demais drogas como adicción principal na comarca de Cangas*. Entrevista a Maximino Portela Freire, autor do libro *Cómo superar una adicción en siete etapas* presentado na sede do COPG. 18 de marzo.
- *As persoas intelixentes non son as de maior coeficiente*. Entrevista a Carmen Patiño García, psicóloga colexiada e encargada de impartir un relatorio sobre xestión de emocións organizado pola Asociación de Mujeres y Familias del Ámbito Rural (AMFAR). 25 de marzo.
- A coordinadora do GIPCE, Ana Isabel Martínez Arranz, participou en diferentes entrevistas para falar sobre o accidente aéreo ocorrido nos Alpes no cal faleceron 150 persoas: Programa *Galicia por diante* da Radio Galega, Telexornal da TVG, Programa *Boas tardes* da TVG, *La Opinión*, *Faro de Vigo*, *El Mundo* e Huffingtonpost.es. 25 e 26 de marzo.
- Miguel Anxo García Álvarez, en representación do Movemento Galego da Saúde Mental (MGSM) participou en diferentes medios con motivo da nota de prensa enviada polo COPG en relación ao aumento do número de suicidios no ano 2014: *Faro de Vigo*, *La Voz de Galicia* e Santiago TV.

- *É difícil tratar a depresión na casa*, entrevista a Francisco Javier Sardiña Agra, Presidente da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG sobre o rexeitamento do COPG a que o SERGAS implante o proxecto europeo para tratar depresións en atención primaria. *La Voz de Galicia*, 8 de abril.
- *O Colexio de Psicoloxía atendeu a 16 vítimas de maltrato en 2014*. Entrevista no periódico a Rubén Villar Trencó, coordinador do Programa de Abramos o Circulo. *La Región*, 8 de abril.
- *Piden máis comunicación entre a Administración e os psicotécnicos*. *La Voz de Galicia*, 9 de abril.
- *Os psicólogos esixen máis comunicación para evitar a siniestralidade en Galicia*. *El Correo Gallego*, 9 de abril.
- *A carreira de obstáculos das mulleres que denuncian*. *Sermos Galicia*, 9 de abril.
- *Caixón desastre* analiza as probas psicotécnicas do carné. *El Correo Gallego*, 10 de abril.
- *Psicólogos seguirán o novo tratamento da depresión de Sanidade*. 15 de abril.
- *Os psicólogos aprenden a tratar aos enfermos de dano cerebral*. 17 de abril.
- *Fisioterapia do cerebro. Psicólogos galegos intercambian coñecementos sobre a avaliación e rehabilitación en casos de dano cerebral adquirido*. Entrevista a Dolores Vinagre Torres, docente do curso sobre avaliación e rehabilitación neuropsicoloxía. 18 de abril.
- *Un letal brote psicótico. Os psicólogos creen que o menor catalán fabulou unha idea irreal que o cargou de agresividade, canalizada despois cara a autoridade do profesor*. Entrevista a M^a Carmen Lorenzo, vogal da Sección de Psicoloxía Educativa do COPG. 21 de abril.
- *Psiquiatras e psicólogos galegos insisten en non estigmatizar ás persoas con enfermidades mentais e en mellorar a prevención da violencia*. Entrevista a Hipólito Puente Carracedo, vicedecano do COPG. 21 de abril.
- En relación a sinatura do convenio de colaboración entre Vicepresidencia, Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a atención a mulleres que sofren violencia de xénero, o COPG apareceu nos seguintes medios: *La Región*, *El Noticiero de Arteixo*, *Eco Diario*, *Europa Press*, *Telexornal Galicia da RTVE*, *Informativos mediodía da CRTVG*, *teinteresa.es* e *El Correo Gallego*.
- *Hai persoas de 80 e máis anos que conducen perfectamente*. Entrevista a Eva Muíño Gómez, coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG. 22 de maio.
- *Profesionais dos psicotécnicos piden probas neuropsicolóxicas máis estritas*. Entrevista a Eva Muíño Gómez, coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG. 22 de maio.
- En relación á entrega do galardón *Premio Dolores Llópiz: Psicoloxía e Sociedade 2015*, que este ano foi outorgado a Eduard Punset o COPG apareceu nos seguintes medios: *Faro de Vigo* do 27 e 31 de maio, *El Correo Gallego* do 29 e 30 de maio, *Informativos mediodía da TVG* do 30 de maio, *La Región* do 30 de maio, *Agencia EFE* do 30 de maio, *La Vanguardia* do 30 de maio, *La Voz de Galicia* 31 de maio e *La Opinión* do 31 de maio.

- *Psicólogos reflexionan en Santiago cómo intervir mortes por suicidio.* Axencia EFE, 6 de xuño.
- *Os psicólogos inciden no aumento de suicidios en Galicia e reclaman atención específica.* Informativos Mediodía TVG, 6 de xuño.
